Efectivamente, o sector que maior protagonismo assume na euro-região é, sem dúvida, o sector de serviços. E, no conjunto do sector, o sub-sector que evidencia maior destaque é o do comércio, alojamento e restauração, embora com mais incidência na Região Norte de Portugal do que na Galiza. De facto, este representa cerca de 48% das empresas presentes no Norte de Portugal (24.165) e 36% das sociedades existentes na Galiza (7.466). No que se refere ao pessoal empregue, o sector do comércio, hotelaria e restauração utiliza, no Norte de Portugal, 153.740 trabalhadores (o que representa cerca de 20% do pessoal ao serviço na Região Norte). Na parte galega, os 59.736 empregados destes sectores significam 24% do pessoal ao serviço no total da Galiza. A análise do volume de vendas permite-nos também reforçar a importância deste sector. Com efeito, com um volume de vendas na ordem dos 14.848 milhões de ECU as sociedades afectas ao sector em questão na Região Norte de Portugal contribuem com 38% para o somatório do volume de vendas do Norte de Portugal. Em relação às empresas galegas a operar no sector considerado, estas apresentam um volume de vendas a rondar os 9.561 milhões de ECU o que representa, em termos relativos, um contributo de aproximadamente 33% para o total do volume de vendas das sociedades galegas.

Quadro 5: Caracterização do comércio recíproco entre a Galiza e a Região Norte de Portugal

ANO	GALIZA (MILHÕES DE ECUS)				PESO DO COMÉRCIO G-NP NO TOTAL DO COMÉRCIO GALIZA-PORTUGAL		PESO DO COMÉRCIO G-NP NO TOTAL DO COMÉRCIO GALIZA-UE	
	Imp.	Exp.	Saldo	Taxa de Cobertura	Imp.	Exp.	Imp.	Exp.
1994	192,80	266,50	73,70	138,23	65,09	44,37	8,61	10,89
1995	225,80	319,60	93,80	141,54	66,03	46,28	9,33	11,07
1996	237,00	376,30	139,30	158,78	60,37	45,24	7,75	11,15
1997	290,12	443,48	153,36	152,86	66,34	45,82	8,43	11,96

Fonte: Comércio Intracomunitário da Euroregião Galiza-Norte de Portugal 1995-1997

ANO	GALIZA (MILHÕES DE ECUS)				PESO DO COMÉRCIO NP-G NO TOTAL DO COMÉRCIO NORTE DE PORTUGAL-ESPANHA		PESO DO COMÉRCIO NP-G NO TOTAL DO COMÉRCIO NORTE DE PORTUGAL-UE	
	Imp.	Exp.	Saldo	Taxa de Cobertura	Imp.	Exp.	Imp.	Exp.
1994	266,50	192,80	-73,70	72,35	22,39	23,39	5,47	3,12
1995	319,60	225,80	-93,80	70,65	21,58	23,31	5,48	3,09
1996	376,30	237,00	-139,30	62,98	22,25	22,52	6,04	3,16
1997	443,48	290,12	-153,36	65,42	22,74	23,90	6,3	3,43

Fonte: Comércio Intracomunitário da Euroregião Galiza-Norte de Portugal 1995-1997

O comércio "externo" recíproco entre a Galiza e Portugal tem experimentado uma evolução espectacular na última década, nomeadamente aquele que se realiza entre a Galiza e a Região Norte do País. Praticamente metade do comércio entre a Galiza e Portugal é comércio entre a Galiza e a Região Norte. Concretamente, quase metade das exportações galegas para Portugal (exactamente 45%) e mais de 60% das importações

galegas com origem em Portugal têm destino ou origem, respectivamente, na Região Norte. O peso deste comércio sobre o comércio intra-comunitário total da Galiza também é relevante: a Galiza destina à Região Norte algo mais de 10% das suas exportações intra-comunitárias e quase 10% das suas importações intra-comunitárias. O comércio entre a Região Norte de Portugal e a Galiza representa entre 20% e 25% do comércio da Região Norte com Espanha e percentagens menores no que diz respeito ao comércio intra-comunitário da Região Norte. As exportações da Região Norte para a Galiza representam menos de 25% das exportações da Região Norte para Espanha e não atingem 4% das exportações intra-comunitárias da Região Norte. Em relação às importações a situação é similar: as importações da Região Norte com origem na Galiza não atingem 23% das importações dessa região portuguesa com origem em Espanha e não alcançam 7% das importações intra-comunitárias totais da Região Norte.

O comércio recíproco entre a Galiza e a Região Norte de Portugal é, por um lado, excedentário para a Galiza, traduzindo-se em taxas de cobertura anuais superiores a 150% em 1996 e 1997, e por outro, deficitário para a Região Norte de Portugal, com uma taxa de cobertura descendente e ligeiramente superior a 60% no mesmo período de tempo, evidenciando-se, no período em aferição, o crescente agravamento da situação deficitária na Região Norte contrastando com o óbvio crescimento do contexto excedentário para a Galiza advindo do comércio recíproco.

Quadro 6: Evolução sectorial das exportações da Galiza para a Região Norte de Portugal e da Região Norte de Portugal para a Galiza (percentagem do total)

	EXPORTAÇÕES DA GALIZA PARA O NORTE DE PORTUGAL				EXPORTAÇÕES DO NORTE DE PORTUGAL PARA A GALIZA			
	1994	1995	1996	1997	1994	1995	1996	1997
1. Agr., produção animal e pesca	39,85	36,61	37,18	33,07	12,34	14,22	18,86	16,88
2. Industrias alimentares	7,28	8,35	9,01	7,38	0,83	0,66	1,05	1,13
3. Minerais e suas obras	4,77	4,26	4,78	6,95	14,52	12,49	5,99	5,56
4. Indústria química	4,80	7,23	6,11	7,47	6,33	7,13	7,26	5,97
5. Têxtil e confecção	11,86	10,33	10,74	11,66	41,86	33,26	38,31	37,52
6. Madeira e pasta de papel	7,54	9,89	10,28	8,45	7,52	13,82	9,32	8,08
7. Metais e suas obras	10,51	9,23	9,41	11,64	8,40	10,41	7,72	7,82
8. Máquinas e suas obras	6,45	8,04	5,85	6,23	3,53	3,85	4,56	6,26
9. Máquinas e aparelhos	3,04	4,10	4,20	4,93	2,23	1,77	4,56	5,49
10. Outros transaccionáveis	3,90	1,97	2,44	2,22	2,44	2,39	2,36	5,30
TOTAL	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

Fonte: Elaboração própria a partir de: pax web galicia-norte de portugal

Este quadro apresenta a composição interna do fluxo comercial entre a Galiza e a Região Norte de Portugal. Nele pode observar-se que a Galiza vende na Região Norte essencialmente produtos do sector primário (cerca de um terço do total), produtos têxteis e de vestuário, e metais e suas obras.

Por sua vez, a Região Norte de Portugal exporta para a Galiza, também, artigos têxteis e de vestuário (mais de um terço do total), produtos relacionados com o sector agrícola, de produção animal e piscatório, e ainda madeira e pasta de papel. Podemos demarcar a perda de importância, desde 1994 até 1997, do sector dos minerais e suas obras enquanto exportador.

Quadro 7: Composición sectorial das exportacións da Galiza para a Região Norte de Portugal e da Região Norte de Portugal para a Galiza (Milhões de Ecus)

	EXPORTAÇÕES DA GALIZA PARA O NORTE DE PORTUGAL (106 ECU)		EXPORTAÇÕES DO NORTE DE PORTUGAL PARA A GALIZA (106 ECU)	
	1994	1995	1994	1995
1. Produtos da agricultura, produção animal e pesca	106,2	117,0	23,8	32,1
2. Industrias alimentares	19,4	26,7	1,6	1,5
3. Minerais e súas obras	12,7	13,6	28,0	28,2
4. Indústria química	12,8	23,1	12,2	16,1
5. Têxtil e confección	31,6	33,0	80,7	75,1
6. Madeira e pasta de papel	20,1	31,6	14,5	31,2
7. Metais e súas obras	28,0	29,5	16,2	23,5
8. Máquinas e súas obras	17,2	26,7	6,8	8,7
9. Máquinas e aparelhos	8,1	13,1	4,3	4,0
10. Outros transaccionáveis	10,4	6,3	4,7	5,4
TOTAL	266,5	319,5	192,8	225,7

Fonte: Elaboração propia a partir de Comércio Intracomunitário da Euroregião Galiza-Norte de Portugal 1995-1997

A análise do quadro anterior demonstra que, no ano de 1995, das exportações efectuadas da Galiza para o Norte de Portugal, 117 milhões de ECU diziam respeito a produtos do sector primário, representando cerca de 37% do valor total das exportações galegas para o Norte de Portugal. Em segundo lugar surge o valor das exportações de produtos têxteis e de confección para o Norte de Portugal (33 milhões de ECU) que se constituem em 10% do valor total das exportações da Galiza para a referida região portuguesa. Para além disto, releva ainda salientar o peso, em valor, das exportações de madeira e pasta de papel (31,6 milhões de ECU) e de metais e súas obras (29,5 milhões de ECU) com uma ponderação de 9,8% e 9,2%, respectivamente, no valor global das exportações da Galiza para o Norte de Portugal, considerando o ano de 1995.

Analisando as exportações da Região Norte de Portugal com destino à Galiza concluímos que as matérias têxteis e os produtos de vestuário assumem, tal como já tínhamos mencionado anteriormente, uma posição central ao nível das importações galegas com origem na Região Norte. De facto, em 1997, a exportação deste tipo de produtos representava cerca de 33% do valor total das exportações nortenhas com destino à Galiza (75,1 milhões de ECU). A exportação de produtos da agricultura, produção animal e pescas reflectia 14% (referentes a 32,1 milhões de ECU) do valor total das exportações para aquela região espanhola. Julgamos também importante mencionar o peso do valor das exportações de madeira e pasta de papel assim como de minerais e súas obras no total, já que a importação deste tipo de produtos por parte da Galiza consubstancia-se, respectivamente, em 13,8% (em termos absolutos representa 31,2 milhões de ECU) e 12,5% (reflectindo o valor de 28,2 milhões de ECU) do valor global das exportações da Região Norte de Portugal para a Galiza, em 1997.

As caracterizacións demográfica, sectorial e comercial poden ser complementadas cunha breve análise do sistema urbano. Un estudio de Figueiredo (1996), complementado por Mella (1998), sintetizaba a configuración demográfica da eurorrexión como un sistema multipolar de cidades, liderado por tres núcleos principais de cidades medias do sistema urbano europeo (A Coruña, Vigo e Porto), de dimensións e características moi semellantes: algo máis de 300.000 habitantes, modernas instalacións portuarias, con intenso tránsito de mercadorías e líderes europeas a nivel de pesca descargada, non menos modernas instalacións nos seus respectivos aeroportos, e un papel relevante como centros de servicios para as súas respectivas áreas de influencia.

O dobre efecto de atracción-difusión destes núcleos xera unha dinámica económica nos municipios circundantes que permite definir estes espacios como “rexións urbanas” ou “áreas metropolitanas” ou, incluso, “rexións metropolitanas”. En todo caso, trátase de territorios con elevadas densidades de poboación e unha grande concentración de actividades industriais e de servicios. As tres áreas representan arredor do 38% do total de habitantes da eurorrexión, alcanzan unha densidade media superior aos 200 hab/km² e son certamente as zonas demograficamente máis dinámicas, gañando poboación de forma continuada desde 1980.

As tres grandes cidades da eurorrexión forman parte dun eixo cunha forte componente urbana, do cal forman parte tamén as cidades de:

- Santiago de Compostela: capital administrativa da Comunidade Autónoma Galega e nitidamente orientada ao sector servicios;


- Vilagarcía da Arousa: centro industrial e de servizos de gran crecemento na última década cun porto comercial ben posicionado. Núcleo urbano dunha área cunha intensa dinámica económica;
- Pontevedra: capital da provincia con profundos problemas de identidade sectorial;
- Viana do Castelo: centro urbano de dimensión media, cun porto comercial de elevado potencial e tamén con problemas de identidade sectorial;
- Braga: importante centro urbano, en termos de dimensión, de dinámica empresarial e de funcionalidade territorial;
- Guimarães: núcleo urbano de reducido tamaño (cando se compara coas restantes do eixe litoral), localizado nunha sub-rexión fortemente industrializada cunha vocación exportadora extremadamente enraizada no seu tecido empresarial.

As cidades de Lugo e Ourense (capitais de provincia cunha forte dinámica de atracción demográfica das áreas rurais que as circundan), semellan configurarse como centros de atracción-difusión industrial e de servizos no interior de Galicia, xunto con Monforte de Lemos. O incremento da accesibilidade debe permitirles erixirse en núcleos vertebradores dos territorios emerxentes daquelas áreas.

No interior portugués, o eixe territorial imaxinario formado polas cidades de Chaves, Vila Real e Peso da Regua pode configurar un espazo fortemente interrelacionado coa Galicia Sur-interior, concretamente coa comarca de Monterrei e o seu núcleo urbano, Verín. Doutro lado, a cidade de Bragança ten xeograficamente unha posición excéntrica en termos rexionais, feito que, historicamente, ten suposto graves problemas de accesibilidade e dificultades de vertebración territorial.

En síntese, o sistema de cidades da eurorexión Galicia-Norte de Portugal estrutúrase, seguindo un modelo axial, a través de dous eixos en sentido vertical: un eixe litoral consolidado, constituído por centros de dimensión relevante, e un eixe interior, progresivamente máis reforzado, formado por núcleos de dimensión pequena e media.


FIG. 3 EIXOS DOS SISTEMAS DE CIDADES DA EURORREXIÓN



Fonte: Elaboración propia

FIG. 4

CARACTERÍSTICAS POBOACIONAIS DA EURORREXIÓN



Fonte: Elaboración propia con datos do INE e IGE (1988)

OS RESULTADOS DO PLAN ESTRATÉXICO DE 1994

Entre 1993 e 1995, os profesores Antonio Figueiredo e Ánxel Viña coordinaron un Estudio Estratéxico das Cidades do Eixo Atlántico, onde se facía unha análise e diagnóstico sobre diferentes aspectos do conxunto das cidades, e onde finalmente se propoñían varias actuacións referidas ás infraestructuras, que convén comentar como punto de partida e elemento básico de antecedentes do actual informe.

No que se refería aos portos e dada a diversidade de criterios na información estatística entre Galicia e Portugal, alí se apuntaba a necesidade de elaborar un conxunto de datos con criterios homoxéneos para apreciar con rigor a competitividade de cada porto, o que debería contribuír a un mellor coñecemento da súa incidencia económica e social en cada cidade e no conxunto da eurorrexión.

Como primeiras recomendacións neste apartado propoñíase:

- A melloría da eficiencia e competitividade de tódolos portos do sistema mediante un compromiso das administracións e axentes económicos vinculados ás actividades portuarias.
- A coordinación dos portos dentro do Eixo Atlántico creando un Comité Coordinador.
- Os obxectivos de gañar “hinterland” e “foreland”, mediante a súa promoción interna e externa, combinada cunha mellora das comunicacións terrestres de acceso aos portos.

- A promoción de accións concretas de desenvolvemento con proxectos presentados á Unión Europea no marco do Eixo Atlántico.
- A mellora da fluidez das relacións dos portos coas cidades, estudando as posibilidades de reconversión urbanística e comercial das zonas portuarias e mellorando os accesos de conexión cos hinterland das cidades.

No que se refire aos aeroportos, constatábanse igualmente diferencias estatísticas entre Galicia e Portugal, pero aínda así semellaba claro o seu limitado papel como vehículo de importación ou exportación de mercadorías, maiormente comparado co transporte rodoviario e marítimo, así como tamén a inexistencia de efectos inductores relevantes en materia de servizos avanzados asociados a esas infraestructuras. Despois dunha breve análise da situación e das vantaxes do aeroporto Sá Carneiro, propoñíase un papel máis activo no transporte intercontinental para este aeroporto.

No apartado das comunicación ferroviarias, o estudo analiza ben polo miúdo as características actuais dos tránsitos de viaxeiros e mercadorías, concluíndo unha situación xa non de marxinalidade, senón mesmamente próxima ao terceiro mundo, con velocidades de 40-50 km/h na área portuguesa e de pouco máis de 60 km/h na parte galega, cunha participación irrelevante no conxunto do transporte de mercadorías.

Na perspectiva da conexión entre as cidades do Eixo, para este estudo a liña do Minho e a ligazón ferroviaria Tui-Vigo-Santiago-Coruña, constituían a espiña dorsal do sistema, que, ademais de conectar as zonas con maior potencial demográfico, establecerían unha conexión directa entre os principais portos marítimos da eurorrexión. Tendo en conta a inexistente compatibilidade e coordinación dos plans ferroviarios das dúas administracións, o estudo propoñía:

- Un importante incremento da calidade dos servizos de transporte ferroviario
- Unha redución das diferencias nas características técnicas e funcionais entre as dúas redes ferroviarias, esencialmente nas liñas que constitúen a rede fundamental do Eixo.
- A modernización do eixo Coruña-Porto-Aveiro e velocidades competitivas con outros medios de transporte.
- Prazos e prioridades de investimentos concordantes.

Finalmente e no que respecta ás infraestructuras rodoviarias, a análise das carencias e necesidades era moi extensa, diferenciando por unha parte a articulación interna, e pola outra parte, as conexións internacionais. En conxunto, o diagnóstico establecía tres grandes grupos de prioridades en función dos criterios antes citados:

- A 1ª prioridade atendía aos grandes eixos de articulación intermetropolitana e ás conexións internacionais. En concreto, propoñendo no lado galego, completar a autoestrada A-9 ata Ferrol polo norte e ata Porriño polo sur, así como as transversais Coruña-Benavente e Vigo-Benavente. E no lado portugués, completar a autoestrada IP-1 de Braga a Valença, a A-4 Matosinhos- Amarante, a IP-4 Vila Real-Bragança, a IP-3 Regua-Lamego, a IC-1 ata Viana do Castelo e Aeroporto-Ermesinde.
- A 2ª prioridade atendía a pechar a malla entre o principal sistema de autoestradas e o conxunto das cidades do Eixo, aproximando as cidades do interior ao corredor litoral metropolitano, coas propostas de unión en Galicia, de Lugo con Ourense, de Lugo con Asturias, de Lugo con Santiago e de Ourense con Santiago, e no lado portugués, de Regua con Chaves e Verín (autoestrada Vigo-Benavente), de Viana do Castelo con Valença, completar o cuadrilátero Braga-Guimaraes-Famalicao-Barcelos e destas con Vila do Conde.

Tamén se apuntaba unha terceira fase para acabar de concluír a malla de conexións internas, que debería atender á mellora da eficiencia do sistema anterior ligando as cidades do Eixo con outras vilas interiores.

Se observamos este conxunto de análises e propostas realizadas como dixemos basicamente cos datos de 1991, desde a perspectiva do actual ano 2000 e con datos máis recentes, sen deixar de presentar o seu lado positivo, coa realización e posta en funcionamento dalgunhas das infraestructuras máis importantes para o desenvolvemento das cidades do Eixo e da eurorrexión globalmente, as conclusións de conxunto expresan igualmente unha grave lentitude na execución dos principais proxectos, que manteñen a día de hoxe a mesma necesidade e inexistencia que hai seis anos, incrementando o retraso e as consecuencias negativas da periféricidade da eurorrexión con respecto aos principais mercados da península e de Europa.

Esto significa que a pesar da forte dinámica de remodelación e interrelación socioeconómica das cidades da eurorrexión nestes últimos anos, eliminando de feito os restos de fronteira histórica e cultural que persistían, non se rexistrou unha reconfiguración

paralela do territorio físico que potenciase e consolidase esa dinámica, concretamente mellorando as comunicacións entre os pobos.

Así, destacando a realización das autovías do Noroeste e das Rías Baixas, de conexión coa península, e da conclusión da IP-1 ata Valença, conectando por autoestrada Coruña con Porto e Lisboa, debemos destacar que a unión transcantábrica con Europa sigue sen proxecto, as unións internas están sen decidir e as melloras ferroviarias están en debate, o que significa recuperar practicamente toda a análise de necesidades de 1994, actualizala coas modificacións estratéxicas e de desenvolvemento que se produciron nestes seis anos, e coas lóxicas modificacións derivadas dos cambios na estratexia de desenvolvemento das cidades, case volver a propoñer as mesmas prioridades que daquela, acentuando a urxencia da súa realización.

SEGUNDA PARTE:

AS NOVAS CLAVES NA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO DAS CIDADES DO EIXO ATLÁNTICO

AS RELACIÓNS CO COTORNO EXTERIOR:
VERTEBRACION EXTERNA

*AS RELAÇÕES COM A ENVOLVENTE EXTERNA:
ARMONIZAÇÃO EXTERNA*

Analizando a situación socioeconómica da eurorrexión dentro do contexto mundial, e desde logo especialmente no contexto europeo, de novo encontramos notables diferencias entre Galicia e o Norte de Portugal no que respecta ás relacións comerciais co exterior. Mentres que o sector industrial do norte portugués presenta unha marcada orientación exportadora, expresada claramente no dato de que concentra o 43% da totalidade das exportacións de Portugal, no caso de Galicia a situación é case a contraria.

Unha enquisa da Consellería de Economía da Xunta de Galicia en 1998 mostra que case a metade das empresas galegas orientan toda a súa produción ao mercado interno, e que a facturación media destinada ao estranxeiro só acada o 7.2% das vendas das empresas máis exportadoras, que, por outra parte, non aparecen regularmente estruturadas, pois arredor dun 10% delas exportan máis do 70% da produción total destinada ao estranxeiro, e un 85% dedica menos do 41% da súa facturación total á exportación.

As ramas de actividade (cadro IV) expresan nidiamente esa diferenza, pero indican ao mesmo tempo unha importante característica que cómpre destacar: a elevada complementariedade na especialización productiva entre as dúas áreas da eurorrexión, e o seu impacto consecuente no comercio exterior, ou o que é o mesmo, a existencia de sólidas posicións comerciais de cada área cara ó exterior nos produtos en que están especializadas, onde observamos valores positivos e favorables tanto nas taxas de cobertura, coma nos índices da balanza comercial (cadro VIII).

CADRO VIII: COMERCIO INTRACOMUNITARIO POR GRUPOS DE PRODUCTOS EN 1996

GRUPO PRODUCTOS	REG. NORTE		GALIC		IB=(X-M)/(X+M)		TC=X/M	
	X	M	X	M	Gal.	Rg.Nor	Gal.	Rg.Nor
I Productos animais	78	248	573	773	-0,15	-0,52	0,74	0,31
II Productos vexetais	10	221	45	192	-0,62	-0,91	0,23	0,05
III Graxas e aceites	4	16	8	5	0,23	-0,60	1,60	0,25
IV Alimentación	330	122	197	199	-0,01	0,46	0,99	2,70
V Minerais	16	22	221	817	-0,57	-0,16	0,27	0,72
VI Química	83	310	114	147	-0,13	-0,58	0,78	0,27
VII Cortizo e Plástico	198	365	52	81	-0,22	-0,30	0,64	0,54
VIII Coiro e Peletería	29	224	20	14	0,18	-0,77	1,43	0,13
IX Madeira	342	116	125	135	-0,04	0,49	0,93	2,94
X Pastas Celuloides	86	125	120	57	0,36	-0,18	2,11	0,69
XI Têxtil	3113	1253	212	252	-0,09	0,43	0,84	2,48
XII Calzado	1214	110	16	11	0,19	0,83	1,45	11,03
XIII Rocas e Cemento	138	105	218	21	0,82	0,13	10,38	1,31
XIV Alfaias	9	143	1	3	-0,50	-0,89	0,33	0,06
XV Manufact. metálicas	248	571	266	251	0,03	-0,39	1,06	0,43
XVI Maquinaria	841	1089	146	512	-0,56	-0,13	0,29	0,77
XVII Mater. Transporte	190	337	2015	1292	0,22	-0,28	1,56	0,56
XVIII ArtigosPrecisión	49	113	3	34	-0,84	-0,39	0,09	0,44
XIX Armas		18	0	0	...	-1,00	...	0,00
XX Diversos	159	144	24	24	0,00	0,05	1,00	1,10
XXI Obxectos artísticos	0	1	0	1	-1,00	-1,00	0,00	0,00
Non clasificados			31	1	0,94	-	31,00	-

FONTE: IGE, Estatística de comercio exterior.1994

Esta situación aparece moi clara na produción têxtil, no calzado e na industria da alimentación para o Norte de Portugal, e nas rochas ornamentais e no material de transporte para Galicia, mantendo unha moi leve concorrência nos casos da alimentación e da madeira, que non poden considerarse relevantes por canto permitirían unha doada

especialización complementaria, e son por outra parte ramas de actividade altamente sensibles ao impacto reorientador das políticas económicas.

Por países europeos de destino e orixe do comercio exterior, a complementariedade volve ser o trazo máis característico das dúas áreas territoriais integrantes da eurorrexión, tendo en conta que Alemaña concentra o 24% das importacións e o 28% das exportacións do Norte de Portugal, e Francia concentra á súa vez o 54% das importacións e o 37% das exportacións de Galicia, o que limita de forma notable a competencia interna nas relacións comerciais coa Unión Europea, onde se concentra máis do 82% do comercio exterior da eurorrexión, e, pola contra, acentúa as vantaxes dunha maior especialización (cadro IX).

CADRO IX: COMERCIO INTRACOMUNITARIO EXPORTACIÓNS POR PAÍS DE DESTINO E IMPORTACIONES POR PAÍS DE ORIXE, 1996

	M REIXÓN NORTE X		M GALICIA X	
Alemaña	1338,2	1980	197,9	291,7
Austria	69	107,7	7,6	34,7
Bélxica e Lux.	295,3	210	57,4	149,2
Dinamarca	63,4	246	70	5,7
España	1534,8	960	-	-
Finlandia	29,8	79,5	11,7	7,3
Francia	718,1	1426,8	1659	1254,1
Grecia	18,7	38,1	2,7	47,7
Irlanda	19,4	56,2	20,3	12,8
Italia	863,9	275,6	225,1	332,8
Países Baixos	275,7	468,4	105,7	82,3
Portugal	-	-	392,6	831,8
Reino Unido	368	1029,4	267,1	291,6
Suecia	59,5	264,3	42,7	16,1
TOTAL CEE	5653,7	7142	3059,9	3357,9

FONTE: IGE. Estatística de comercio exterior,1996. Galicia

A visión dos intercambios comerciais entre as dúas rexións, aínda que non supoñen para este informe unhas relacións de comercio exterior, confirman estas hipóteses e agregan novos datos interpretativos á dinámica interna da eurorrexión.

No cadro X vemos, por unha parte, a clara especialización da Rexión Norte na rama téxtil, que supón case o 38% do seu comercio con Galicia, e a carón observamos que a produción agrícola, gandeira e a pesca significan á súa vez un tercio do comercio de Galicia coa Rexión Norte, con porcentaxes moi semellantes no resto dos intercambios tanto nun sentido coma no outro, dando un saldo positivo en conxunto para Galicia.

CADRO X: INTERCAMBIOS COMERCIAIS REXIÓN NORTE DE PORTUGAL-GALICIA, 1996-1997

	Reg.Nor. Imp - Gal. Exp 1996	1997	Reg.Nor. Exp - Gal. Imp 1996	1997
Prod.agric.,gand.e pesca	139,9	146,6	44,7	49
Prod.industria alimentaria	33,9	32,7	2,5	3,3
Minerais e manufact.	18	30,8	14,2	16,1
Prod.da industria química	23	33,1	17,2	17,3
Téxtil e confección	40,4	51,7	90,8	108,8
Madeira, pasta e papel	38,7	37,5	22,1	23,4
Metais comúns e manufact.	35,4	51,6	18,3	22,7
Máquinas e aparellos	22	27,6	10,8	18,2
Material de transporte	15,8	21,9	10,8	15,9
Outras mercadorías	9,2	9,9	5,6	15,4
TOTAL	376,4	443,5	236,9	290,1

FONTE: IGE,INE/DRN - Sistema INTRASTAT

Como resumo podemos expoñer tres características básicas do comercio exterior da eurorrexión:

- Unha notable vocación exportadora, moito máis acentuada e asentada na Rexión Norte
- Unha importante especialización e complementariedade nas producións exportadas polas dúas rexións

- Unha limitada concorrencia nos mercados de destino, dirixíndose a Rexión Norte principalmente a Alemaña e Italia, e Galicia a Francia

As necesidades de infraestructuras para completar a vertebración externa da eurorrexión dentro do marco das relacións comerciais externas deben partir de tres premisas previas que derivan dos datos recollidos no xa citado Plan Estratégico de 1994, confirmados en grandes liñas nos estudos de diagnóstico do Plan Estratégico de Desenvolvemento para Galicia e mais no Plan de Desenvolvemento Rexional portugués:

- a) Unha parte moi importante do comercio exterior da eurorrexión lévase a cabo por vía marítima, a través das súas tres principais instalacións portuarias, en Coruña, Vigo e Leixoes-Porto.
- b) Outra parte significativa do comercio exterior circula por estradas, fundamentalmente do lado portugués.
- c) O ferrocarril ten unha cota de mercado moi reducida no conxunto da eurorrexión, cunha estimación que a penas acada o 4% do total.

En consecuencia, cómpre unha breve análise do papel dos portos para interpretar correctamente as medidas máis axeitadas para a súa eficiente utilización, e, coincidindo co seu enfoque e validez actual, convén recordar aquí as conclusións do Plan Estratégico 1994:

1. "Os portos do sistema Eixo Atlántico teñen unha importante contribución para o desenvolvemento socioeconómico das súas poboacións e cidades. Dado que un dos elementos decisivos do Eixo Atlántico é a importancia das cidades que se encontran sobre a fachada marítima ou próximas a ela, o sistema portuario é unha das súas máis relevantes infraestructuras. Este sistema tivo no pasado e, cunha planificación adecuada poderá ter no futuro, un carácter estruturante do eixo e unha contribución aínda máis decisiva no desenvolvemento socioeconómico da área de influencia.
2. Os elementos dos portos que máis poden contribuír para o desenvolvemento son: o incremento do trafego comercial, unha atracción para nova localización de industrias, a creación de actividades económicas e emprego en sectores terciarios vinculados ao trafego marítimo, e mais a creación de actividades e emprego no propio porto.

3. As primeiras análises mostran claramente a existencia de elementos de complementariedade entre os portos do sistema no que respecta á oferta de infraestructuras e ao trafego comercial. Tamén é evidente que tódolos portos do sistema son competitivos entre si para a captación de trafegos no futuro. Como alternativa máis razoable e favorable para todos os portos debe destacarse a necesidade de establecer regras claras para os elementos concorrenciais e unha forte potenciación, coordinada e conxunta, de todos os elementos complementarios do sistema.
4. Para potenciar e promover conxuntamente eses elementos complementarios pode resultar interesante e importante a existencia dun organismo de coordinación dentro do Eixo Atlántico. Neste sentido, é moi valiosa a experiencia do denominado Comité Coordinador de Portos do Mediterraneo Norte-Occidental (CCPMNO), formado por portos de tres países: Italia, Francia e España.
5. Como alternativa para o desenvolvemento futuro do conxunto do sistema portuario, non semella lóxico propoñer obxectivos irrealizables do tipo da creación de superportos e coa competencia dos grandes sistemas portuarios europeos. Estas propostas, froito do desenvolvementismo de períodos anteriores, producen frustracións ao seren irrealizables e a longo prazo son máis negativos que positivos para o sistema. Os obxectivos realistas son os realizables a curto prazo e que poden contribuír progresivamente para o desenvolvemento socioeconómico dos portos e dos seus hinterlands." (op. cit. pax. 147-148).

Os puntos enunciados no estudo referido, relativos ao diagnóstico e algunhas medidas de política, continúan aínda vixentes. Isto porque a localización do sistema de portos do Eixo, na fachada Atlántica de Europa, permite a este espacio ter unha localización central nos corredores marítimos Leste e Oeste e Norte e Sur, especialmente no tránsito que conecta a África Austral e Occidental e a América do Sur con Europa e o Mediterráneo ao Atlántico Norte.

Paralelamente, as condicións naturais dos portos do sistema seguen a ser excelentes, ao mesmo tempo que nestes últimos anos constatamos un importante esforzo na mellora das instalacións portuarias. Con todo, nin a posición xeográfica, nin as condicións naturais e técnicas conseguiron que o sistema de portos do Eixo Atlántico adiantase o seu posicionamento no contexto do comercio marítimo internacional, achegando unha contribución relevante para a internacionalización da economía da eurorrexión.

A pesar de non observarmos unha melloría notoria no movemento de mercadorías no conxunto do sistema de portos do EA, o volume cargas e descargas efectuadas demostra a relevancia destas infraestructuras de transporte para cada un dos sistemas portuarios dos países que o integran:

CADRO XI: Transporte Marítimo de Mercadorías en 1996

Portos	Mercadorías Descarregadas (Milhares toneladas)	Mercadorías Carregadas (Milhares toneladas)
PORTUGAL	40571	15301
Região Norte	9968	3036
Douro e Leixões	9668	2964
Viana do Castelo	300	72
ESPAÑA	182940	86077
Galiza	16623	5319
A Coruña	7729	2814
Ferrol-San Cibrán	6195	985
Marín-Ría de Pontevedra	708	383
Vigo	1470	1059
Vilagarcía	521	77
Euro-Região	26591	8355

Fonte: www.galicia-nortept.org

Con esta visión, tendo en conta os cambios ocorridos na estruturación productiva da eurorrexión e na configuración do comercio exterior nos últimos cinco anos, e a fin de establecer as melloras necesarias para a maior eficacia das instalacións portuarias, podemos concluír pola nosa parte e en resumo:

- Cumpriría un esforzo de coordinación para conseguir a eliminación ou polo menos unha razoable redución da concorrencia entre os principais portos da eurorrexión, procurando unha especialización nos trafegos de mercadorías e tamén nos destinos, e igualmente, e se cadra en maior medida, na distribución dos investimentos de mellora.

- Cumpriría tamén acentuar as actuacións para gañar atracción de mercadorías do interior da península, presentando vantaxes comparativas respecto aos demais sistemas portuarios. Para eso é necesario mellorar internamente a capacidade de carga e os servizos dos portos da eurorrexión, pero en paralelo e de modo significativo, mellorar tamén a súa accesibilidade externa, por estrada e ferrocarril, evitando o tránsito conxestionado das cidades e construíndo accesos directos e cómodos ás terminais de carga.
- Cumpriría desenvolver as articulacións intermodais e centros lóxicos a fin de ir ao encontro das demandas do mercado, adaptarse ás novas características de concorrencia e mellorar a atractividade do sistema de portos para os operadores internacionais.

Polo que respecta á vertebración exterior por terra, é preciso recordar a inexistencia dunha vía de alta capacidade que permita o acceso directo da eurorrexión aos mercados europeos polo norte, isto é, seguindo a costa cantábrica, que supón xeograficamente a distancia máis curta para chegar aos Pirineos e continuar cara ó centro de Europa.

No lado positivo, como xa foi comentado na análise do estudo estratéxico de 1994, debemos destacar os importantes cambios habidos nos dous últimos anos, que melloraron substancialmente o acceso rodoviario á eurorrexión, achegando de modo considerable a súa actividade productiva aos mercados europeos. O remate e posta en funcionamento das autovías do Noroeste e das Rías Baixas desfizeron o factor principal de inaccesibilidade e perifericidade da eurorrexión, cara ó interior da península e aos enlaces cara Francia e Europa. Isto, unido ao anterior remate e dispoñibilidade da autoestrada Lisboa-Porto-Valença, que liga así e completa a comunicación do sistema de cidades da franxa atlántica, supón sen dúbida un feito de singular relevancia para o conxunto da eurorrexión na súa proxección exterior.

Sen embargo, a vertebración do lado portugués continúa a ser moi deficiente. Os denominados Eixos Transversais, IP-5 e IP-7, xa en funcionamento, presentan características diferenciadas: o IP-5, cunha notable influencia no desenvolvemento da parte portuguesa da eurorrexión, evidencia graves carencias no seu trazado e condicións de seguridade, estando moi próximo á saturación, fundamentalmente no que respecta á súa utilización por tránsito pesado. As denominadas Diagonais Estructurantes, con claras implicacións en termos de estruturación territorial dado que ten como obxectivo último articular o Litoral co Interior do país, están na NUT II Norte, maioritariamente en construción ou aínda nunha fase anterior do seu proceso de materialización.

O IP-4 é a única destas vías de carácter transversal que ten a maior parte do seu trazado concluído, a pesar de que as súas características técnicas evidencian múltiples deficiencias. Neste Itinerario Principal falta aínda un importante tramo por concluír, Bragança-Fronteira de Quintanilha (fronteira situada no leste da cidade), o que permitirá, unha vez concluído, mellorar significativamente a vertebración exterior rexional. A conexión desta vía coa do lado español semella estar garantida, dado que o Goberno de Castela-León asumiu o compromiso político de construír unha autovía que permita ligar a fronteira de Quintanilha coa autovía das Rías Baixas sobre o 2004.

As Diagonais Estructurantes cun papel relevante na articulación Litoral-Interior, son a Diagonal do Douro constituída parcialmente polo IP-3 no seu tramo Vila Real-Vila Verde da Raia, pasando por Chaves, e a Diagonal do Vale do Ave constituída polo IC-5 (Póvoa de Varzim- Miranda do Douro), e mais polo IC-25 (Circular Rexional Exterior do Porto-IP3, para posteriormente continuar ata Chaves e a fronteira con Galicia), pero aínda nin sequera comezaron a ser construídas. En materia de vertebración externa, das Diagonais aínda sen construír a máis importante é, sen dúbida, o IP-3, que nun futuro permitirá unha conexión rápida desde a Área Metropolitana do Porto e desde o cuadrilátero de desenvolvemento Braga-Guimarães-Famalicão-Barcelos, coa fronteira de Vila Verde da Raia, para posteriormente conectar coa autovía das Rías Baixas á altura de Verín.

E aínda con respecto á vertebración exterior da eurorrexión, convén referir que a construción dun pequeno tramo do Eixo Territorial IP-2, pode permitirmos obter importantes economías de tempo en materia de transporte, tendo en conta que o futuro tramo do IP-2, Bragança-Fronteira do Portelo, que liga polo norte a Bragança e o sistema IP-4/IP-2 coa fronteira española, permitiría conectar o sistema de infraestructuras interno coa autovía das Rías Baixas na zona de Puebla de Sanabria, facilitando a conexión externa. Neste caso, do lado español existe xa un anteproxecto para construír unha infraestructura rodoviaria de alta capacidade desde Puebla de Sanabria á citada fronteira.

En calquera caso, este sistema de infraestructuras de vertebración externa debe ser completado cunha adecuada vertebración interna. Enténdese que existe a necesidade de articular as grandes infraestructuras de carácter estruturante, nacionais ou internacionais, coas redes rodoviarias rexionais e locais a fin de lograr obxectivos de integración territorial, xerando os indispensávois efectos difusores do crecemento sobre a totalidade do espazo e permitindo a igualdade no acceso ao sistema de transportes para todos os cidadáns.

A vertebración exterior por ferrocarril a penas presenta debate en canto ás súas necesidades e obxectivos, pero si cuantiosas dúbidas, enfoques, presións políticas e intereses

económicos en canto ao seu trazado e configuración xeográfico-económica definitiva, sobre todo se temos en conta que as previsións da Rede Ferroviaria Portuguesa non contemplan a velocidade alta máis ali da cidade de Porto, nin moito menos a conexión coa rede galega de RENFE, e que por outra banda o Ministerio de Fomento tampouco ten claro o tipo de conexión nin de velocidade que se construíría como nova infraestrutura ferroviaria entre Madrid e Galicia.

Do lado portugués, a saída natural alternativa a unha infraestrutura de conexión por Galicia podería ser a liña da Beira Alta, sempre que exista vontade política de potenciar as conexións con España e o resto de Europa a través do eixo transversal que remata na fronteira de Vilar Formoso.

Ninguén pon en dúbida hoxe a imperiosa necesidade dunha significativa mellora da comunicación ferroviaria entre a eurorrexión e o interior da península e Europa, que debe supoñer cambios na estrutura viaria e no trazado, permitindo reducir drasticamente os tempos de percorrido e a comodidade da viaxe, pero ao mesmo tempo debe levar aparellada unha modificación semellante no enfoque da súa xestión económica, reorientando e facendo competitivo o transporte de mercadorías para trocar a actual infrautilización do tren con esa finalidade.

Ese cambio ha de afectar en paralelo á comunicación interna entre o sistema de cidades da franxa atlántica, pois non sería lóxica nin eficiente unha mellora nos sistemas ferroviarios de España e Portugal, con velocidades de 200 km/h ou máis entre Lisboa e Porto, ou entre Madrid e Vigo e Coruña, mantendo os problemas actuais de conexión en Valença-Tui, e a "extraordinaria" velocidade de 40 km/h entre Porto e Vigo, a máis baixa das xa baixas velocidades en Galicia e Norte de Portugal.

Non podemos, nin é obxecto deste informe, entrar no debate dun trazado polo norte ou polo sur, ou se debe facerse cun tren de velocidade alta ou cun talgo de altas prestacións, o único que cómpre destacar aquí é a necesidade de integrar o trazado e as súas características, calquera que sexan finalmente, dentro da norma europea, para permitir o acceso dos pasaxeiros e mercadorías ás cidades e mercados do centro de Europa, sen cambios de vías nin de locomotoras, complementado con esta infraestrutura a vertebración comercial exterior da eurorrexión.

Finalmente, a vertebración e o acceso externo por vía aérea non presenta en aparencia demasiados problemas, fóra da xa coñecida situación periférica, das perturbacións meteorolóxicas e da elevada concorrència entre os aeroportos da eurorrexión, que en rea-

lidade tampouco son problemas cativos e poden minguar notablemente a eficacia desta importante infraestrutura.

A situación actual revela a supremacía do aeroporto Sá Carneiro sobre os restantes aeroportos do sistema aeroportuario do EA, dado que o número de pasaxeiros que utilizan os seus servizos é superior mesmo ao correspondente da agregación dos que usan os tres aeroportos galegos, e as súas toneladas de carga transportada case quintuplican as agregadas tamén dos tres aeroportos localizados en Galicia.

CADRO XII: EVOLUCIÓN DOS TRÁNSITOS NOS AEROPORTOS DA EURO-RREXIÓN

	Aeronaves			Pasaxeiros		
	1994	1995	1996	1994	1995	1996
Sá Carneiro	13.644	13.387	16.369	1.693.356	1.831.694	2.067.845
Labacolla	12.383	13.836	17.782	969.323	1.130.925	1.298.278
Peinador	4.881	5.061	5.879	364.230	387.805	437.982
Alvedro	3.423	3.841	5.691	258.895	289.589	361.337

Fonte: Anuario Estatístico Galicia- Norte de Portugal, 1996 (1998)

*Inclúe trafego internacional, territorial e interior tanto de compañías nacionais como estranxeiras.

** Non inclúe os pasaxeiros en tránsito directo.

Recollendo de novo a síntese do Plan Estratéxico 1994, perfectamente válida no momento actual, o transporte aéreo ten unha reducida cota de mercado no transporte de pasaxeiros e mercadorías, pero, sen embargo e polas súas especiais características, nos últimos 20 anos convertíuse no medio imprescindible para as viaxes de negocios e turismo, e, desde o punto de vista da súa contribución ao desenvolvemento, desempeña funcións de primeira orde, que poden resumirse nas seguintes:


- "É unha compoñente fundamental na industria turística
- É un elemento integrador das diferentes rexións e mercados, contribuíndo ao seu desenvolvemento
- É un medio esencial para o desenvolvemento industrial, transferencia de tecnoloxía e fornecemento de servizos avanzados ás empresas

- Promove importantes iniciativas de investimento con gran impacto económico e territorial, na medida en que esixe a articulación cos restantes medios de transporte, este feito converte aos aeroportos en puntos privilexiados de intercambio modal, e, por conseguinte, en puntos centrais da vertebración territorial". (op. cit. pax. 149)

No mesmo estudio afóndase na necesidade de dar resposta ao tema da intermodalidade, que na situación actual semella esencial e prioritario, debéndose avaliar cales resultan as mellores combinacións posibles de acceso aos aeroportos, tendo en conta un eficiente uso dos investimentos nas infraestructuras e a vertebración do conxunto da eurorexión.

Desde esa perspectiva, cómpre unha mellora de todo o sistema aeroportuario a fin de eliminar, ou polo menos reducir, os efectos negativos da metereoloxía e da súa situación periférica, considerando que aínda non xerou de modo relevante efectos inducidos en materia de servizos avanzados nin para as principais cidades da franxa atlántica, nin para os núcleos máis dinámicos do interior, o que supón enfocar esas melloras dentro dunha lóxica integradora, na procura de especializacións e evitando no posible a concorrencia-lidade e, en certo modo, a ineficacia ou, despilfarro dos investimentos.

FIG. 5 COMUNICACIÓNS EXTERIORES DA EURORREXIÓN



Fonte: Elaboración propia

AS RELACIONES INTERIORES: OS SUBESPACIOS ECONÓMICOS

AS RELAÇÕES INTERNAS: OS SUB-ESPAÇOS ECONÓMICOS

a) Claves xerais da nova estratexia de desenvolvemento

Non hai hoxe ningunha dúbida de que a crise de mediados dos 70 non afectou por igual a tódolos países, nin a tódolos centros industriais, e moito menos se pode dicir que foi semellante o impacto dos procesos de reconversión que se levaron a cabo nos anos 80 en toda Europa. Así, pois, a crise de principios dos 90 para algúns autores simplemente significou un cambio de orientación dos procesos de cambio estrutural iniciados uns poucos anos antes, e foron xustamente as cidades medias, máis flexibles as que mellor se adaptaron a ese cambio.

En gran parte de Europa podemos ver cómo, despois do declive dos grandes centros industriais dos anos 60, apareceron e semellan consolidarse novos espazos industriais e cidades de servizos, que non seguen aquel modelo xerarquizado e que tenden a interrelacionarse e organizarse en redes, na procura dun máis eficiente uso dos recursos, tanto naturais coma humanos.

A crecente globalización, a introducción e difusión por todo o sistema productivo de innovacións tecnolóxicas, especialmente as relacionadas coas novas tecnoloxías da información, e o aumento da demanda de servizos, están na base da nova dinámica económica e urbana. Unhas poucas grandes cidades lideran os grandes procesos, pero a maior flexibilidade das empresas, o desenvolvemento das redes de empresas, o cambio das súas pautas de localización, e, nestes últimos anos, as iniciativas dos sectores públicos locais e rexionais, están a provocar unha nova dinámica dos sistemas de cidades, que os converten en cada vez menos xerarquizados e, en todo caso, policéntricos.

Se aplicamos estas observacións ao caso da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, advertimos un proceso semellante e en certa medida condicionado por dúas tendencias aparentemente contradictorias. Dunha parte, mostran unha crecente difusión das actividades productivas, tanto industriais coma de servizos, o que está a converter algunhas cidades medias e pequenas innovadoras no espazo preferido de localización de empresas modernas, incentivadas por apoios institucionais de diferentes tipos e mais pola dotación de man de obra cualificada, pero tamén motivadas pola creación paralela de externalidades positivas derivadas da creación de estruturas de redes de empresas.

Por outro lado, e en sentido contrario, observamos unha tendencia á concentración e centralización espacial das funcións de xestión e control dos servizos especializados, sobre todo os que se dirixen a satisfacer a demanda dos segmentos productivos máis globalizados, con maior relación exterior e máis competitivos (Área Metropolitana do Porto).

En todo caso, a análise da tendencia na década dos 90 apunta a unha formación de espazos industriais ligada ao incremento da urbanización en todo tipo de cidades, grandes, medianas ou pequenas, que concentran funcións innovadoras, que reciben un decido apoio das institucións, e que poden atender tanto ao mercado local e rexional coma aos mercados exteriores, con sólidas posicións comerciais e elevada especialización e complementariedade (en especial considerando en conxunto as áreas rexionais).

Pero se os novos espazos industriais indican novos vieiros no proceso de urbanización e nas estratexias de desenvolvemento das cidades, a terciarización afonda aínda máis na dinámica urbana, co resultado de afortalar os anteriores procesos ou de diversificar a dimensión económica e urbana.

A contribución dos servizos ao desenvolvemento económico lévase a cabo fundamentalmente por tres vías:

- A exportación de servizos producidos na cidade (turismo, información, ...)
- A venda de servizos persoais á poboación local e internacional (ocio, asistencia sanitaria, comercio, ...)
- A produción de servizos que favorecen a competitividade das empresas (marketing, asistencia técnica, consultoría, financiamento, seguros, ...)

As grandes cidades exercen unha forte atracción para as empresas de servizos financeiros e de servizos avanzados ás empresas, pero a desconcentración da dotación dos servizos públicos cara ás cidades medias, está modificando a localización deste tipo de empresas, e sobre todo está modificando respecto ás grandes urbes o concepto de "proximidade" polo de "facilidades de acceso".

Este proceso na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal semella inequívoco, e aparece recoñecido explicitamente tanto no diagnóstico do PEDEGA coma do PDR portugués, destacando a consolidación de sistemas urbanos non xerarquizados, conectados pero non dependentes do sistema urbano principal da franxa atlántica, e, sobre todo, marcando unha dinámica propia de desenvolvemento só condicionada polos recursos e factores de produción con que poden contar ou atraer.

Esta nova estratexia semella estar consolidando unha dobre estrutura do sistema urbano na eurorrexión, integrada por un eixe principal e sólido de cidades cunha gran zona influencia no seu cotorno, e configurando áreas metropolitanas (A Coruña, Vigo e Porto, e mais a incipiente aglomeración metropolitana no contexto territorial da cidade de Braga), e outro subsistema interior secundario, tendencialmente axial, integrado por núcleos urbanos medios e de influencia crecente, de aglomeración ou vertebración (Lugo, Monforte, Ourense, Chaves e Vila Real).

Con isto, o sistema xerárquico anterior respecto ao eixe principal tende a suavizarse, a medida que se consolidan os novos procesos, e, fundamentalmente, a medida que se conseguen as "facilidades de acceso" con mellores e adecuadas infraestructuras viarias e ferroviarias, que ao mesmo tempo significan a vertebración interna da eurorrexión e a solidificación das redes de cidades:

1. En primeiro lugar, porque, como antes dixemos, as pautas de localización das actividades industriais e de servizos son cada vez máis difusas.
2. En segundo lugar, porque a dimensión óptima das plantas de produción, a introducción de innovacións, os apoios das institucións locais e a redución dos custos de transporte valorizan territorios e localizacións que antes as empresas non consideraban atractivos.
3. En terceiro lugar, porque os modelos de especialización flexible e os sistemas locais de empresas, se converten en formas relevantes de acumulación, e, deste xeito, as cidades medias adquiren un papel estratéxico nos procesos de reestructuración productiva.

4. En cuarto lugar, porque na era das telecomunicacións, a difusión e adopción de tecnoloxía depende máis das características do cotorno das empresas e do tipo de organización da súa produción ca dos servizos localizados nas cidades centrais ou principais
5. En quinto lugar, porque a redución dos custos de transporte (facilidades de acceso) fronte aos custos de vivir e producir nas grandes cidades, tenden a desprazar cara ás cidades medias os novos valores sociais da calidade ambiental, da relación interpersonal e da seguridade.

b) As áreas metropolitanas

A pesar da súa aceptación e difusión, o concepto xeográfico de "área metropolitana" semella ambivalente, e non tentaremos aquí afondar no complexo problema de delimitar con exactitude e precisión o que debe entenderse, desde un punto de vista socioeconómico e xeográfico, como "área" ou "espacio metropolitano", sobre todo tendo en conta que existen notables controversias entre os especialistas sobre os "umbrais de metropolitanización", isto é, sobre os parámetros que determinan de maneira obxectiva cando existe un auténtico espacio metropolitano (criterios demográficos, económicos, socioculturais, etc.).

Con todo, aparenta ser maioritaria a opinión de que unha área metropolitana non resulta constituída por un simple continuo físico-humano edificado, senón por un complexo económico-social que se estende por un territorio máis ou menos homoxéneo e, en todo caso, configurado artificialmente de modo progresivo con características específicas.

A maioría dos expertos considera que para determinar a existencia dunha área metropolitana non abundan os simples datos censais ou estatísticos que evidencien un determinado número de habitantes. Así, ao pé dos criterios demográficos, cítanse outros como: a densidade de poboación, o índice de crecemento, a marxinalidade das actividades agrícolas, os investimentos en infraestructuras, a diversificación das actividades económicas, a mobilidade dos cidadáns, etc. E mesmo algúns autores propoñen a necesidade de considerar igualmente os estilos de vida dos habitantes, a súa percepción da realidade urbana e a súa imaxe de cidade, isto é: a existencia dunha "mentalidade ou cultura urbana".

Xa que logo, podería afirmarse que o concepto propiamente demográfico da área metropolitana foi superado por unha consideración funcional, segundo a cal o espacio metropolitano se caracteriza por múltiples e bidireccionais relacións socioeconómicas entre os diferentes núcleos urbanos implicados. De tal xeito que a consideración funcional e territorial da cidade permite ter en conta o ámbito xeográfico de influencia de cada función, así como os destinatarios que residen fóra dos estritos límites urbanos.

Como resultado, diremos que para determinar se nun espacio concreto existe ou non unha área metropolitana cómpre verificar a formación e sobre todo a dinámica dun ámbito de influencia que depende do núcleo central para a prestación de diversos servizos (p. ex: ciclo hidráulico, tratamento de refugallos, etc.).

Hox en día, na Unión Europea existen cerca de duascenas áreas metropolitanas que se encontran en gran medida concentradas en tres territorios conexas de centroeuropa. Así, na denominada Dorsal Europea se concentra case a metade das maiores cidades, cunha elevada porcentaxe da poboación total dentro dun territorio inferior á quinta parte do total europeo. Complementariamente, encontramos outros eixes de diferente potencial de desenvolvemento, vertebrando un modelo territorial comunitario, configurado en termos xerais por áreas metropolitanas de distinto nivel.

Dentro da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e de acordo coa caracterización demográfica antes comentada, podemos considerar tres áreas en avanzado proceso de metropolización, arredor das tres principais cidades do eixe costeiro:

- A Área Metropolitana formada polo eixe Coruña-Ferrol, que integraría un ámbito funcional de influencia de 16 municipios e case 600.000 habitantes, e outro ámbito de dependencia e interrelación que pode chegar ata Ribadeo polo leste e ata Fisterra por occidente .
- A Área Metropolitana formada polo eixe Vigo-Pontevedra, que integraría á súa vez un ámbito funcional de 12 municipios e 550.000 habitantes, e outro de dependencia e interrelación que pode chegar ata Vilagarcía da Arousa polo norte e ata A Guarda polo sur.
- A Área Metropolitana do Porto, estrutura institucional constituída por 9 municipios, abranguendo unha poboación aproximada de 1.200.000 habitantes.

Neste contexto que era necesario definir e situar, para os efectos do obxectivo deste informe e desde a perspectiva das necesidades de vertebración do conxunto do territorio da eurorrexión, propoñeremos unha análise de espazos interrelacionados que só coincidirán en parte coas citadas áreas metropolitanas. No caso da Coruña, nas súas extensións oriental e occidental, no caso de Vigo na súa extensión sur, e no caso de Porto na configuración definida pola área institucional, á que se adicionan algúns concellos da súa coroa de poboamento máis inmediata.

c) As relacións interiores na estratexia de desenvolvemento da eurorrexión

GALICIA

Os estudos de localización industrial realizados pola Xunta de Galicia en 1989 revelaban que en Galicia a localización industrial respondía fundamentalmente aos factores persoais do empresario (empresa autóctona, residencia do propietario), e ás vantaxes derivadas das economías de localización e aglomeración de determinadas zonas (tradicción sectorial, tradición industrial, proximidade á gran empresa transformadora, proximidade a materias primas). Aínda que estes últimos factores tiñan tamén un peso importante no conxunto de España, a súa incidencia resultaba moi superior en Galicia, como expresión da singularidade dos seus factores productivos.

En contrapartida, os factores obxectivos do territorio ou do sistema económico rexional (custos e cualificación da man de obra, dotación de infraestructuras, accesibilidade, etc.), así como aqueles outros ligados aos instrumentos públicos de promoción económica (incentivos financeiros e crediticios, subvencións á creación de emprego), presentaban unha incidencia moi moderada nas decisións de localización das empresas. Con todo, o peso das infraestructuras (accesibilidade a mercados e materias primas, dotación do solo industrial, etc.), resultaba ser nos últimos anos significativamente superior á hora de determinar esa localización, probablemente a causa das carencias existentes en Galicia na dotación deses factores ata os anos noventa.

A nova enquisa realizada a finais de 1998 tentaba contrastar eses resultados, e aínda que a maior parte das empresas constituídas con posterioridade a 1994 continuaban manifestando que os factores persoais son o principal aspecto condicionante da localización (entre un 24.7 % e un 30.8%, segundo consideren que son determinantes ou que teñen unha forte incidencia), o incremento da influencia de certos factores respecto á situación precedente e, sobre todo, a aparición doutros novos, revelan os cambios que rexistrou Galicia no seu modelo de localización, e en suma unha maior madurez, onde os factores obxectivos do territorio e da economía aparecen agora cunha moito máis elevada capacidade de atracción.

Entre eses novos factores de localización cómpre subliñar:

- A existencia dunhas boas perspectivas no mercado local ou rexional, cunha incidencia avaliada positivamente por parte do 43% das empresas (fronte a un 35% na enquisa anterior).

- A existencia dun cotorno ambiental e social agradable e de calidade, que chegou a incidir nun 11% das empresas, e a ser determinante nun 4.2%.
- A existencia dunha imaxe rexional diferenciada (6.9% de incidencia e 4.2% de determinación).
- A existencia dunha boa oferta privada de servizos avanzados, de servizos financeiros e de centros públicos de investigación (entre o 3% e o 13% de incidencia e o 1% e o 9% de determinación).
- A existencia de man de obra cualificada (11% de incidencia e 7.6% de determinación).
- Gozar de subvencións ao investimento (12% e 5.6%), que na anterior enquisa a penas recibiran avaliación.

Os factores estratéxicos ligados á dotación de infraestructuras productivas aumenta significativamente nestes últimos anos, en especial no que se refire ás estradas, que son consideradas con forte incidencia por un 25% das empresas, e determinantes por un 10%. No outro canto, aparece o ferrocarril cunha consideración do 3.5% e o 1.4%, respectivamente, o que expresa a moi negativa percepción da súa eficacia por parte dos empresarios. Pola súa parte, os portos marítimos semellan dispoñer dunha capacidade de localización relativamente elevada (7.6% de incidencia e 5% de determinación), en consonancia coa situación atlántica de Galicia e o papel histórico dos portos no seu comercio exterior.

En conxunto e con respecto ás infraestructuras, semellaría que o concepto de "proximidade" pode estar mudando polo de "facilidades de acceso", indicando con isto a madurez do modelo, que pasaría así a ter unha compoñente multifactorial e tendencialmente máis obxectiva.

Outro elemento de relevancia para interpretar correctamente estes datos é o da satisfacción dos empresarios coa localización elixida, aparecendo unha elevada porcentaxe que considera acertada a elección, e mesmo das que manifestaron o seu descontento coa decisión inicial, un 52% (máis da metade), trasladaríanse a outra provincia de Galicia, e un 35% iría a Portugal ou a outras zonas do resto de España. E cómpre destacar aquí que un certo número de empresas manifestaron que a vecindade con Portugal supuxo un incentivo moi positivo á hora de elixir a súa localización (PEDEGA 2000-2006. Tomo I. Análise e diagnóstico. Consellería de Economía e Facenda. 1999).

Podemos aventurarnos a adiantar logo como primeira conclusión no que se refire a Galicia unha razoable confirmación empírica das nosas hipóteses de partida:

- Os procesos de industrialización endóxena están firmemente enraizados no territorio
- Xurdiron da man dos empresarios locais
- Formaron sistemas relacionais propios, e
- Consolidaron formas culturais autónomas que crean un cotorno económico local específico.

Tentaremos agora perfilar as características da nova dinámica de asentamentos empresariais nas pequenas vilas, establecendo unha configuración sistemática que nos permita analizar desde esta perspectiva territorial a estratexia e as tendencias económicas, así como as necesidades de infraestructuras consecuentes coa vertebración interna do conxunto do territorio.

Continuando co esquema proposto no Plan Estratéxico 94, o sistema axial das tres cidades máis dinámicas expresa o liderato da franxa costeira atlántica, cun dobre efecto de atracción-difusión nos municipios veciños, o que permite definilos como rexións urbanas ou áreas metropolitanas.

Pero a configuración física do territorio da eurorrexión determina que en certa medida as variables socioeconómicas presenten unha acusada dispersión territorial, conformando un modelo de articulación heteroxéneo, pero progresivamente consolidado, que imita no interior as relacións axiais ou de aglomeración do principal sistema de cidades.

Desta forma, hoxe semella cada vez máis clara unha dobre estrutura do sistema urbano da eurorrexión:

- A que se articula xeograficamente de norte a sur na franxa atlántica xa coñecida
- Outra de carácter disperso polo conxunto do territorio arredor de focos de desenvolvemento, que van progresivamente interrelacionándose e vertebrándose en función da súa dinámica propia, favorecida pola mellora das infraestructuras viarias interiores.

Así, podemos afirmar que na actualidade o sistema axial de cidades non protagoniza en exclusiva o proceso de desenvolvemento da eurorrexión, senón que o comparte con outros ámbitos locais que representan a nova dinámica do conxunto do territorio e a nova orientación da cohesión social dentro da eurorrexión: os núcleos interiores de aglomeración e vertebración do territorio.

No mapa podemos observar unha primeira aproximación a estas novas tendencias de estruturación, que nos servirán para situar as que denominaremos "áreas de análise territorial", definidas polas relacións de influencia das principais cidades e dos núcleos interiores cos municipios veciños, con quen poden configurar estruturas axiais (a interrelación máis frecuente), nodos de diferente tamaño e potencial aglomerativo (por exemplo, Vilagarcía ou Porto), estruturas de aglomeración interiores (cuadrilátero da área interior-occidental da Rexión Norte), ou aglomerados polarizadores interiores (Bragança).

O modelo de vertebración que propoñemos con este esquema territorial para establecer e avaliar as necesidades de infraestructuras, procura cubrir os dous obxectivos fundamentais da estratexia de consolidación da nova dinámica de desenvolvemento:

- En primeiro lugar, mellorando a accesibilidade e as expectativas de relacións comerciais do conxunto do territorio cos grandes mercados europeos, unindo os núcleos interiores e as súas áreas económicas de influencia coas vías de comunicación e vertebración externa comentadas no apartado anterior.
- En segundo lugar, afortalando internamente as dinámicas de aglomeración -tanto no sentido do incremento da dimensión coma no sentido da cualificación das estruturas urbanas-, creando externalidades positivas (e en certos casos tamén economías de escala), consolidando os factores existentes de localización empresarial e ampliando as expectativas de utilización productiva do seu potencial endóxeno, tanto no que se refire aos recursos humanos coma ao patrimonio natural e histórico, e favorecendo as iniciativas que supoñan un desenvolvemento sustentable.

Eso implica unha mellora significativa das infraestructuras que vertebran cada área económica e tamén das que interrelacionan áreas entre si, procurando en cada caso a maior eficacia e rendabilidade social dos investimentos.

Con este enfoque estableceremos cinco tipos de áreas, en función da súa dinámica, da súa estrutura de relacións e máis do tipo de vertebración que presentan:

1. Interior-axial
2. Interior de unión ou aglomeración
3. Costeira-axial (extensións da área metropolitana da Coruña)
4. Costeira-nodal
5. Área metropolitana de Vigo

No primeiro grupo estarían, por unha parte as dúas áreas económicas do interior de Galicia articuladas axialmente, con Ourense e Lugo como núcleos principais e centrais, que terían ademais un punto limítrofe común en Monforte para iniciar outra eventual área axial de inferior dinámica ata O Barco de Valdeorras.

No segundo grupo situamos as áreas que unen a ría de Noia con Santiago de Compostela, e a conexión de Pontevedra con Lugo.

No terceiro grupo aparecen as áreas costeiras que forman os eixes oriental e occidental que parten da área metropolitana da Coruña: Ferrol-Ribadeo-Asturias, ao longo do arco ártabro, e o que cobre o resto da costa norte de Galicia desde A Coruña ata Fisterra.

No cuarto grupo situamos a área costeira de aglomeración nodal arredor de Vilagarcía de Arousa.

Finalmente, no quinto grupo aparecería a área metropolitana de Vigo, neste caso analizada e estudada desde unha perspectiva diferente ao concepto das denominadas rexións urbanas ou áreas metropolitanas que se definían no Plan Estratéxico 1994.

DEFINICIÓN E ANÁLISE DAS ÁREAS DE ANÁLISE TERRITORIAL

A conformación das áreas responde a un criterio obxectivo derivado da análise dos datos e da documentación existente, en especial do diagnóstico do PEDEGA (op. cit), unido aos criterios subxectivos resultantes das entrevistas cos técnicos dos concellos do Eixo Atlántico, e en calquera caso, nin son excluíntes nin supoñen pola nosa parte unha nova redefinición das comarcas, dado que estas últimas sempre constituirán un ámbito máis extenso e con maior número de elementos definidores.

Sempre dentro do paradigma científico no que situamos este estudio, e desde os conceptos de cotorno local e desenvolvemento endóxico, utilizaremos os tres tipos de elementos de análise que consideramos máis adecuados para a correcta interpretación da dinámica territorial das áreas de análise na definición da súa estratexia de desenvolvemento, establecendo a avaliación das súas necesidades de infraestructuras, consideradas como factores de vertebración interna e favorecedores daquela estratexia: os recursos humanos, a actividade económica e os resultados empresariais.

PRIMEIRO GRUPO: ÁREAS 1 e 2

Estas dúas áreas económicas configuran unha dinámica singular en Galicia de vertebración interior, tanto máis destacable en canto que desenvolven un territorio afastado do principal sistema urbano da eurrerrexión, que teñen unha economía fundamentada na utilización dos seus recursos endóxenos, e que a súa taxa de terciarización permite pensar nunha razoable madurez do seu modelo.

A que denominamos área 1, integra axialmente os municipios de Rábade, Outeiro, Lugo, O Corgo e Sarria, estendendo a súa influencia aínda que en menor medida ata Vilalba e as Pontes polo norte, e a Monforte de Lemos polo sur, que inicia e continúa coa área 2 e os municipios de Nogueira, Coles, Ourense, Sober, Barbadas, A Merca e Celanova.

Estas dúas áreas presentan unhas características e unha estrutura con moitos puntos comúns pero relativamente diferenciadas, constituíndo en conxunto o sistema ou eixe interior de maior dinámica secundaria en Galicia.

En 1996 sumaban un total de 253.930 habitantes (o 9.3% da poboación galega), mantendo unha tendencia media de densidade demográfica positiva desde 1981. Observando a súa evolución ao longo deste século, destaca unha gráfica moi regular nas dúas áreas, cun salto demográfico importante no censo de 1950, un relativo estancamento nos de 1960 e 1970 e un novo crecemento a partir de 1980. En total apreciamos que a área 1 duplica a súa poboación no século, mentres que a área 2 presenta un crecemento moito maior, case o 146% respecto a 1900.

Obviamente, estas cifras corresponden á influencia dos fortes crecementos dos seus núcleos centrais, Lugo e Ourense, pero son indicativas da dinámica interior citada, aínda que no lado negativo provocou un progresivo despoboamento das áreas rurais máis interiores e atrasadas, que expulsan habitantes novos atraídos polas maiores oportunidades de emprego das cidades.

Os indicadores económicos complementan a estrutura destas áreas e axudan a comprender a súa dinámica e estratexia productiva global, e así vemos que a maior dinámica da área 2 (núcleo Ourense) se corresponde cunhas taxas de ocupación moi diferentes ás da área 1 (núcleo Lugo).

Na área 2 o emprego agrícola é do 5.1% en 1996, mostrando unha importante redución con respecto a 1991, en que chegaba case ao 8% do total, encontrando unha evolu-

ción semellante deste sector na área 1, pasando do 15.3% ao 11.1% no mesmo período. O emprego industrial, sen embargo, permanece constante na área 1 (do 13.8% ao 13.7%), e redúcese nunhas poucas décimas na área 2 (do 17.7 ao 16.8%). Sumando o emprego industrial e o xerado pola construción, obtemos unhas porcentaxes de emprego no sector secundario de algo máis do 22% na área 1, que perde 2 puntos respecto a 1991, e do 27% na área 2, perdendo case 4 puntos. En contrapartida, as dúas áreas incrementan notablemente o sector servicios, alcanzando en 1996 un 66.7% e un 67.8% de ocupación, respectivamente.

Esta estrutura productiva semella indicar a especialización dos seus núcleos principais na prestación de servicios, tanto ás súas áreas próximas de influencia como aos municipios situados nun radio maior, tendo en conta a súa posición interior e o carácter rural do seu cotorno, pero tamén poderíamos estar ante unha forte absorción de poboación, xustamente dese entorno rural, que daría lugar como resultado a un certo sobredimensionamento dos servicios, o que en calquera caso non elimina a hipótese da especialización.

Para a análise da actividade empresarial utilizaremos os datos da Consellería de Economía (PEDEGA, Tomo I, 1998, cit), onde nos relativos á área 1 aparece un Excedente Bruto Empresarial máis ligado á explotación dos seus recursos endóxenos, o que se corresponde cunha forte interrelación entre o sector agrícola e a industria elaboradora de alimentación, mentres que esa relación semella moito máis reducida na área 2, onde o sector industrial aparece menos ligado aos recursos da zona.

Os resultados empresariais son notablemente elevados en ámbalas dúas áreas, aparecendo os máximos beneficios e a maior solvencia empresarial nos municipios da área 1. Unha distribución semellante mostran os datos cuantitativos do excedente bruto empresarial, moi alto ou alto no conxunto da área 1 (entre 100.000 e 267.000 ptas./habitante), e algo máis irregular na área 2 (moi alto en Ourense, alto en Monforte e medio-baixo nos outros municipios). Entre as dúas sumarían un mercado conxunto de potencial de gasto próximo aos 50.000 millóns de ptas.

En resumo, podemos definir o eixe interior que conforman estas dúas áreas económicas como un cotorno local dinámico, sustentado en parte na industria e no uso dos seus recursos endóxenos, pero ao mesmo tempo diversificado e con tendencia a unha terciarización madura, acompañado por resultados empresariais positivos, o que lle confire as características dunha zona con potencialidade de crecemento e de atracción de capital a medio prazo, contando como infraestructuras de equipamento económico con 7 parques empresariais.

En contraste, a súa dotación de infraestructuras é moi irregular e non contribúe correctamente á súa vertebración interior, nin tampouco á vertebración territorial do conxunto da eurorrexión.

Lugo e Ourense, como núcleos centrais destas dúas áreas, aparecen ben comunicados por estrada co principal sistema urbano da franxa atlántica e así mesmo co exterior, ao través das recentemente inauguradas autovías do Noroeste e das Rías Baixas, respectivamente, pero a conexión de Lugo con Sarria faise pola C-546, que continúa ata Monforte e resulta claramente desbordada polo tránsito actual. En menor medida, a comunicación entre Ourense e Celanova, que discorre pola N-540, precisaría unha ampliación de vías para axilizar a unión desta área.

Nos dous casos semella imprescindible unha vía de circunvalación, que, completando o trazado das autovías, permita un cómodo acceso dos municipios veciños aos núcleos centrais e ás propias autovías, descargando os centros urbanos do elevado número de vehículos de paso que en xeral non teñen outra alternativa para aqueles accesos.

Tamén nos dous casos a comunicación coa capital de Galicia, Santiago, precisa unha ampliación do seu nivel de tránsito, levándose a cabo actualmente pola N-547 desde Lugo, e pola N-525 desde Ourense, con graves problemas de trazado e de conxestión, que dificultan un cómodo acceso intermodal ao principal aeroporto de Galicia e ás comunicacións aéreas internacionais.

Nunha situación peor desde a perspectiva da vertebración externa e intermodal das áreas aparece o tránsito ferroviario, inexistente entre Lugo e Santiago e con tódolos problemas comúns ao ferrocarril galego, entre Ourense e Santiago, cun trazado difícil, escasa frecuencia e velocidade lenta, o que implica na realidade a infrautilización desta importante infraestructura, tanto para o tránsito de pasaxeiros coma de mercadorías dentro do espazo interior de Galicia.

SEGUNDO GRUPO: ÁREAS 3 e 4

Estas áreas presentan unha dinámica de vertebración estruturalmente semellante, pero con evidentes diferenzas na súa funcionalidade e significado territorial dentro da eurrrexión e nas súas estratexias internas de desenvolvemento.

No primeiro caso, co núcleo central en Santiago, estaríamos ante a recuperación dunha relación histórica de gran relevancia nos s. XV e XVI, que esmoreceu coa perda de importancia do porto de Noia, e que volveu aparentemente a restablecerse pola influencia do crecemento de Santiago e xa sen relación con aquelas instalacións portuarias, agora a penas relevantes para unha actividade marisqueira estacional. Neste momento, a estratexia de desenvolvemento desta área contribúe á vertebración das rías medias coa capital e mais co interior de Galicia.

O segundo caso pode semellar menos claro por incluír centros de crecemento dispersos e multifuncionais, relacionados con análoga intensidade con varios núcleos urbanos principais, pero significa obxectivamente unha estratexia de vertebración de varios municipios do interior, cun espectacular crecemento industrial na última década, e, sen embargo, con graves dificultades para establecer unha conexión axial consolidada a causa dunha inadecuada e indefinida dotación de infraestructuras, responsable ademais entre outros motivos, da recesión e o abandono demográfico de gran parte do interior da provincia de Pontevedra.

A área 3 integra os municipios de Santiago, Ames, Brión, Rois, Noia, Outes e Muros, podendo estenderse ata Fisterra uníndose na vertebración costeira á área 6. En 1996 sumaba un total de 153.336 habitantes (o 5.6% da poboación galega), cunha alta taxa de densidade, superior aos 150 habitantes/km², que pode estar orixinada pola extensión da influencia demográfica de Santiago.

Na súa evolución ao longo do século observamos un crecemento espectacular no censo de 1970, seguida dunha forte caída no en 1980 e unha lenta recuperación a partir dese censo. En todo o período apréciase un incremento demográfico do 118%, que por lóxica corresponde en gran medida á citada expansión de Santiago como capital de Galicia, sobre todo nas dúas últimas décadas.

Os indicadores económicos mostran, como era de esperar, unha elevada taxa de poboación ocupada no sector servizos (un 60.3%), pero tamén en paralelo outra taxa relativamente alta de ocupación agraria, en consecuencia coa súa situación interior (un 10.7%), e taxas medias de emprego conxunto industrial e na construción (un 27.8%).

A análise da actividade empresarial mostra un excedente bruto bastante ligado á explotación dos recursos endóxenos, o que se corresponde cunha industria agropecuaria de certa relevancia nos municipios próximos a Santiago. Pola súa parte, os resultados e a solvencia empresarial son positivos en toda a área, e a xeografía dos datos cuantitativos concentra neses mesmos municipios os maiores excedentes (entre 100.000 e 267.000 ptas./habitante), e os medios-baixos nos municipios costeiros. O seu mercado de potencial de gasto aproxímase aos 29.500 millóns de ptas.

En resumo, esta área pode caracterizarse como un cotorno local tanto máis dinámico canto máis próximo ao núcleo central, pero con indubidables expectativas de crecemento, partindo dun núcleo situado dentro do eixe do sistema principal de cidades da eurrrexión, que ademais é a capital de Galicia e dispón dun patrimonio histórico excepcional, unindo unha zona costeira de singular potencial turístico a través dun corredor rural cun desenvolvemento sustentado na interrelación agropecuaria, e contando como infraestructura de equipamento económico cun parque empresarial en Tambre de 652.000 m² de superficie industrial.

Como consecuencia, o núcleo central, Santiago, concentra unha importante dotación de infraestructuras cun elevado índice de intermodalidade. A autoestrada A-9, que a une con Coruña e Ferrol cara ó norte e con Vigo e Porto cara ó sur, rodea a cidade polo leste con tres accesos, un deles con enlace ao aeroporto internacional e outro á estación de ferrocarril pola que discorren as liñas Vigo-Coruña e Ourense-Coruña. Con todo, a comunicación occidental con Noia e Muros, os extremos desta área económica, segue primeiro a C-543 e despois a C-550, amplamente desbordadas de tránsito debido á conxunción das interrelacións laborais e industriais ao longo deste corredor. E recordemos que o mesmo se pode dicir da conexión sudoriental, con Lugo e Ourense, tal e como foi exposto na análise desas áreas, polo que debemos concluír unha inadecuada vertebración das comunicacións desta área como conxunto.

Pola súa parte, a área 4 constitúe un caso bastante singular en Galicia, que une varias dinámicas puntuais de crecemento interior, espontáneo nuns casos e con fortes apoios institucionais noutros, cunha feble articulación interna e interrelacións multixeográficas que dificultan a definición da súa estratexia global, aínda que permiten apuntar algúns trazos das súas expectativas de futuro a medio prazo.

Integra os municipios de Pontevedra, Cotobade, Cerdedo, Forcarei, Lalín, Silleda, Agolada, Antas, Monterroso e Guntín, uníndose en Lugo coa área 1 e vertebrando así a conexión diagonal entre a costa e o interior.

En 1996 sumaba 133.624 habitantes (cerca do 5% da poboación total de Galicia), cunha baixa densidade demográfica, en torno aos 60 habitantes/km², se exceptuamos o municipio de Pontevedra. Na súa evolución observamos un lento crecemento cunha moi leve caída no censo de 1970, continuando despois coa mesma tendencia. Entre 1900 e 1996 aumenta a súa poboación nun 43.3%.

Os indicadores económicos mostran a taxa máis elevada de emprego agrícola de tódalas áreas estudadas (o 15%), que se corresponde coa súa xeografía rural pero en claro descenso desde 1991, en que alcanzaba case o 30%, e ao mesmo tempo taxas medias de ocupación industrial e na construción, que suman en conxunto un 28.2% do seu emprego total, cun lixeiro incremento na industria e un descenso de case tres puntos na construción, o que dá unha idea da heteroxeneidade económica desta área, cunha importante dinámica de asentamentos puntuais localizados na comarca do Deza, en parte autóctonos e noutra parte subvencionados (como é caso de Silleda), pero escasamente articulados con respecto a algún núcleo central. A relación máis funcional destes asentamentos podería darse con Santiago, pero a administrativa de notable peso é con Pontevedra como capital da provincia.

A actividade empresarial aparece relativamente ligada á explotación dos recursos endóxenos, mentres que os resultados empresariais confirman de novo a diversidade de situacións económicas ao longo da área. Pontevedra e Lalín concentran os máximos beneficios e solvencia das empresas, e igualmente son municipios onde o excedente bruto por habitante é alto ou moi alto, a carón de Cotobade, Cerdedo, Forcarei e Monterroso, con excedentes empresariais baixos (entre 15.600 e 100.000 ptas./hab), os de Agolada, Antas e Guntín, con excedentes moi baixos (menores das 15.600 ptas./hab). O seu mercado de gasto potencial, sen embargo, é dos máis altos, case 28.400 millóns de pts, o que indica unha elevada renda familiar dispoñible nos municipios industriais e de servizos, e non demasiado baixa nos agrícolas.

En resume, esta área caracteriza un cotorno local diverso, sen unha articulación funcional-económica definida, que dificulta a aparición de complementariedades e externalidades de conxunto, pero con centros dinámicos que poderían influír no crecemento dos outros municipios da área unha vez que encontre a resposta adecuada á súa estratexia de desenvolvemento e interdependencia, contando cunhas infraestructuras de equipamento económico de 6 parques empresariais, cinco deles na comarca do Deza.

En parte como causa, pero tamén como efecto, a súa dotación de infraestructuras é das máis febles. Aparece comunicada desde Pontevedra ata Cerdedo pola N-541, de aí a

Silleda pola provincial PO-201, de Silleda a Lalín pola N-525, e de Lalín a Monterroso e Guntín pola N-640, sendo esta última a única que podería considerarse algo adecuada á demanda de tránsito actual, acabando en Lugo.

Obxectivamente, constitúe a vía natural de enlace entre as Rías Baixas (Pontevedra) e Lugo, que polas citadas deficiencias infraestructurais resulta máis cómoda (aínda que percorrendo unha maior distancia), pola autoestrada A-9 ata Betanzos e despois pola autovía do Noroeste cara ó sur. Como vía interior de unión, facilitaría o acceso da diagonal rural sudoeste-nordeste, establecendo unha importante vertebración interna entre a área 2, por un longo corredor industrial-rural cara ós portos de Marín e de Vigo, facilitando esa alternativa intermodal tamén como vertebración externa para os produtos dos municipios interiores.

TERCEIRO GRUPO: ÁREAS 5 e 6

Con estas dúas áreas complétase a vertebración de toda a costa norte de Galicia, desde Fisterra ata Ribadeo, no límite coa Comunidade de Asturias, con dinámicas moi diferentes en canto ao uso dos recursos naturais (agricultura e pesca con notable relevancia nos dous casos), e ás súas actividades industrial e de servizos.

Cómpre subliñar en todo caso, como xa foi comentado, que en rigor estas dúas áreas significan a extensión axial costeira, cara ó leste e oeste, da grande área metropolitana Coruña-Ferrol, que no conxunto da eurorrexión se sitúa no extremo norte do seu sistema principal de cidades, cunha dinámica de desenvolvemento específica, xa citada no segundo subapartado deste capítulo, centrada na conexión cara ó sur coas outras dúas grandes áreas metropolitanas de Vigo e Porto, a través do eixe fundamental de comunicación da autoestrada A-9.

Aquí, e desde a perspectiva de análise da vertebración interior, obviando a citada unión principal das áreas metropolitanas, o que nos interesa destacar é o papel emerxente dos dous eixes costeiros, que se corresponden coas áreas de análise territorial establecidas para o seu estudo e con semellantes problemas de dotación de infraestructuras.

A que denominamos área 5 integra os municipios de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, O Vicedo, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Narón, Neda, Fene, Ares, Mugaros e Ferrol.

En 1996 sumaba 216.304 habitantes (o 7.9% da poboación de Galicia), cunha evolución ao longo deste século de limitado e lento crecemento en comparación coas outras áreas estudadas, a penas un 80% da súa poboación total desde 1900, que ademais semella estancado nesta última década, pero presentando sen embargo, unha zona de máxima densidade demográfica (>180 habitantes/km²), arredor do núcleo central de Ferrol, e varias de alta densidade (entre 100 e 180 hab/km²), nos municipios de Cariño, Ortigueira e Viveiro, o que denota unha situación certamente heteroxénea, pero ao mesmo tempo confusa respecto ás súas expectativas de futuro.

Os indicadores económicos mostran a diversidade sectorial e a dinámica singular desta área, que, sustentando unha parte dos seus ingresos na agricultura e na pesca, sectores que ocupaban o 13% da poboación en 1996, cun descenso de 2 puntos con respecto a 1991, presenta a carón a segunda taxa de emprego industrial máis alta das áreas estudadas, cun 25.1% de ocupados, mantendo a mesma taxa de 1991, e pasando ao

33.3% se lle agregamos a construción como totalidade do sector secundario, e no outro canto, unha taxa de terciarización media, con case o 54% de emprego nos servizos, o que pode explicarse por non integrar un núcleo central capital de provincia (onde se concentran habitualmente a maioría dos servizos), e pola influencia das zonas industriais do Ferrol e San Cibrao.

En correspondencia co peso das actividades primarias, unha parte considerable do excedente bruto empresarial aparece ligado aos recursos endóxenos, e agás o municipio do O Vicedo, toda a área mostra unha alta solvencia empresarial e beneficios positivos, con varios puntos de máximo en Ferrol e San Cibrao, que reunen así mesmo o maior excedente bruto empresarial (superior a 267.000 ptas./habitante) e niveis altos (entre 100.000 e 267.000 ptas./hab) en practicamente tódolos demais municipios. O seu mercado presenta un alto potencial de gasto con case 41.500 millóns de ptas., o que indica unha elevada renda familiar dispoñible.

En resumo, a área 5 constitúe un eixe costeiro dinámico, cunha economía sustentada en importantes complexos industriais (aínda que o de San Cibrao teña unhas características moi próximas ás dunha industria de enclave), pero ao mesmo tempo na utilización dos seus recursos endóxenos, especialmente a pesca que conta coas poderosas flotas e instalacións industriais complementarias de Burela, Viveiro e Foz, o que, unido ao seu potencial turístico, a converte nun cotorno local de claro desenvolvemento endógeno, cunha boa vertebración funcional e unha estratexia diversificada que tamén a define como unha zona de atracción de capital xa a curto e medio prazo, contando cunhas infraestructuras de equipamento económico de 3 parques empresariais.

No reverso encontramos unha moi feble e insuficiente dotación de infraestructuras que acentúa a súa perifericidade e limita a súa capacidade de crecemento. A comunicación principal e case única é a estrada N-642 desde Ribadeo ata San Cibrao, que continúa ata Ferrol xa como C-642, notablemente desbordada polo tránsito local e cun trazado moi inseguro en varios tramos. Esta situación dificulta a súa vertebración interna, pero moito máis a externa, que se encontra en Ferrol coa autoestrada sen rematar ata Coruña, cun importante funil para acceder ao corredor principal do sistema de cidades atlánticas e sobre todo ao aeroporto internacional de Santiago. Algo semellante sucede na conexión coa capital da provincia, Lugo, realizada desde Foz a través da N-634 e practicamente sen alternativa para os outros municipios máis occidentais.

A unión con Asturias e a costa cantábrica discorre pola mesma N-634, pero coa opción alternativa dun ferrocarril de vía estreita que chega ata o País Vasco e a fronteira

francesa, moito máis usado como comunicación de proximidades, aínda que necesitado dunha importante modernización e de trazado inseguro, que impide unha velocidade media razoable e sen a penas uso como transporte de mercadorías.

Pola súa parte, a denominada área 6 está integrada polos municipios da Coruña, Arteixo, Culleredo, Laracha, Carballo, Malpica, Cabana, Ponteceso, Coristanco, Laxe, Vimianzo, Camariñas, Muxía, Cee, Corcubión e Fisterra, enlazando cara ó sur con Muros e a área 3.

En 1996 sumaba 392.547 habitantes (o 14.4% da poboación total de Galicia), aínda que a maior parte corresponde ao seu núcleo central, A Coruña, que determina en lóxica, a dinámica demográfica da área. A súa evolución desde principios de século mostra un crecemento continuado, con especial incidencia nos censos de 1960 e 1981, e cun saldo final do 183% na súa poboación de dereito desde 1900 ata 1996.

Os indicadores económicos mostran un cambio importante nestes últimos anos nas taxas de emprego agrícola-pesqueiro e no sector da construción, que se reducen de forma considerable desde 1991, do 10.2% ao 7.6%, e do 14.2% ao 10.7%, respectivamente, a carón dun forte aumento da terciarización que alcanza en 1996 o 60.7% da ocupación no sector servicios, fronte ao 55.5% en 1991, e mantendo o emprego industrial nunha taxa próxima ao 21% no mesmo período. Aquí aparece de forma evidente a influencia da cidade da Coruña como núcleo industrial, pero sobre todo concentrando a oferta de servicios.

Como área rural-costeira ten unha actividade empresarial moi ligada á explotación dos seus recursos endóxenos, con varios municipios que presentan unha situación de máximo beneficio e tamén máxima solvencia empresarial, en Coruña, Arteixo, Carballo, Camariñas, Muxía e Fisterra. Igualmente mostra valores de excedente empresarial moi altos e altos en máis da metade dos municipios, e o seu mercado de gasto potencial é con gran diferenza o máis elevado de tódalas áreas, superando os 81.300 millóns de ptas., o que indica unha renda familiar media elevada, por canto o sesgo á alza da Coruña non xustificaría unha capacidade de gasto tan alta en xeral.

En resumo, esta área aparece como un eixe costeiro cunha dinámica moi condicionada polo seu núcleo central, A Coruña, que concentra as zonas industriais nos municipios máis próximos a ela, pero con potencialidade e recursos endóxenos que conforman un cotorno difuso, con necesidade de definir unha estratexia autóctona, complementaria e interdependente, pero non condicionada pola dinámica do núcleo, e con expecta-

tivas de atracción de capital industrial e de servicios, sobre todo no sector turístico, á globalidade da área, con 5 parques empresariais como infraestructuras de equipamento económico.

Probablemente o maior atranco a ese desenvolvemento autónomo radique na febleza da dotación de infraestructuras na súa metade occidental, que dificulta notablemente a súa vertebración e crecemento. A Coruña, como extremo do principal sistema de cidades da eurorrexión e pola súa propia dinámica interna, concentra unha terminal da autoestrada A-9, outra da autovía do Noroeste e o mesmo no ferrocarril a Madrid, ademais dun aeroporto de tránsito nacional e unha das tres instalacións portuarias máis importantes da eurorrexión.

Este desafio pode resumir-se em três pontos chave relativos aos instrumentos necessários para converter o país num território vocacionado para a recepção e a transmissão de mercadorias:

- Criar os interfaces intermodais e as infra-estruturas logísticas que permitam uma melhoria dos serviços de transporte e de movimentação de cargas;
- Criar os interfaces intermodais e as infra-estruturas logísticas que permitam racionalizar a distribuição de mercadorias nas Áreas Metropolitanas;
- Criar condições para os crescimento do transporte rodoviário de mercadorias por empresas especializadas neste serviço.

Em termos de infra-estruturas de transporte este desafio cremos que implica:

- Uma melhoria sustancial da acessibilidade àquelas infra-estruturas de transferência inter-modal (portos, aeroportos, estações de comboios...);
- O reforço dos sistemas de circunvalação, não só nas Áreas Metropolitanas, também, em cidades com plataformas logísticas com capacidade para movimentarem importantes volumes de carga.

B. No que diz respeito às tecnologias de informação o PNDES refere que:

“A rápida disseminação das auto-estradas da informação em Portugal, com inter-funcionamento com as suas congéneres transeuropeias e mundiais, constituem a coluna dorsal para o desenvolvimento dinâmico da Internet e da televisão digital num ambiente competitivo, paradigma da nova “Sociedade da Informação”, propiciando a todos os agentes envolvidos um acesso global simplificado e uma dinâmica de negócio sem precedentes”

“A Missão para a Sociedade da Informação” definiu um conjunto de princípios orientadores da actuação do Estado em matéria de Sociedade da Informação e identificou um conjunto de áreas prioritárias nas que os agentes económicos e sociais e o Estado podem realizar parcerias para o aproveitamento das potencialidades das Tecnologias de Informação. As grandes áreas de intervenção neste domínio são as seguintes: O Estado Aberto, a Escola Informada, a Iniciativa Nacional para o Comércio Electrónico, a Iniciativa Nacional para os Cidadãos com necessidades especiais na Sociedade da Informação e o Programa Cidades Digitais.

Esta última grande área de intervenção tem importantes repercussões para as cidades da Região Norte dado que o seu seu objectivo último consiste em concretizar, num contexto real, as facilidades proporcionadas pela Sociedade da Informação com a finalidade de avaliar os contributos dos serviços digitais na melhoria da qualidade de vida dos cidadãos e da competitividade das empresas no ambiente urbano. Esta iniciativa tem como objectivos operacionais:

- Fomentar uma actuação mais participativa dos principais agentes das comunidades locais, isto é reforçar a coesão comunitária;
- Explorar os benefícios decorrentes da Sociedade da Informação por parte dos municípios, da administração local e ainda pelas PME's de raiz local ou regional;
- Criar uma plataforma que incentive à comunidade a participar noutras iniciativas similares no domínio da Sociedade da Informação na Europa e no Mundo.

Este programa poderá servir de base para outras iniciativas idênticas a realizar em Portugal, nomeadamente, a nível das regiões. Evidentemente, seria muito interessante que esta iniciativa fosse aproveitada como experiência para outras similares a implementar em cidades do Eixo Atlântico do lado galego.

AVALIACIÓN PROPOSTAS EIXO ATLÁNTICO
 AVALIAÇÃO DAS PROPOSTAS EIXO ATLÂNTICO

INFRAESTRUCTURAS DE VALOR ESTRATÉGICO: CORREDORES DE ALTA CAPACIDADE

INFRAESTRUTURAS DE VALOR ESTRATÉGICO: CORREDORES DE ELEVADA CAPACIDADE

Como filosofía global, a proposta do Eixo Atlántico considera prioritaria a articulación intermetropolitana, atendendo en primeiro lugar a estruturar unha malla entre a conexión triangular do principal sistema de cidades da franxa atlántica e as autovías de comunicación co interior da península e Europa, co resto das cidades do Eixo, cun obxectivo de integración e vertebración rexional.

Desde esa perspectiva, e tendo en conta as estratexias de desenvolvemento antes analizadas, a nosa avaliación estará fundamentada en dúas consideracións básicas:

1. É necesaria a interconexión e vertebración dentro de cada subespacio territorial, que nós denominamos áreas de análise territorial por razóns metodolóxicas da análise. O que procura estrictamente a interrelación da súa poboación, a mellora da calidade de vida e a potenciación das condicións favorables de cada cotorno local.
2. É igualmente necesaria a comunicación e vetebración de todo o territorio da eurrrexión, procurando complementariedades e sinerxias entre áreas de análise territorial, externalidades positivas de conxunto e relacións de funcionalidade, mellorando así mesmo a accesibilidade externa de cada área para conseguir un efecto positivo na súa dinámica emerxente.

AVALIAÇÃO PROPOSTAS EIXO ATLÂNTICO

INFRA-ESTRUTURAS DE VALOR ESTRATÉGICO: CORREDORES DE ALTA CAPACIDADE

Como filosofia global, a proposta do Eixo Atlântico considera prioritária a articulação intermetropolitana, atentando em primeiro lugar em estruturar uma rede entre a conexão triangular do principal sistema de cidades da franja atlântica e as autovias de comunicação com o interior da Península e a Europa, com o resto das cidades do Eixo, com um objectivo de integração e vertebração regional.

Dessa perspectiva e tendo em conta as estratégias de desenvolvimento analisadas acima, a nossa avaliação estará fundamentada em duas considerações básicas:

1. É necessária a interconexão e a vertebração dentro de cada subespaço territorial que nós denominamos áreas de análise territorial por razões metodológicas da análise. Isto é que procura estritamente a inter-relação da sua população, a melhoria da qualidade de vida e a potenciação das condições favoráveis de cada meio local.
2. É igualmente necessária a comunicação e a vertebração de todo o território da euro-região, procurando complementaridades e sinergias entre áreas de análise territorial, externalidades positivas de conjunto e relações de funcionalidade, melhorando do mesmo modo a acessibilidade externa de cada área para conseguir um efeito positivo na sua dinâmica emergente.

1. GALICIA

a. Vertebración exterior

Tendo en conta a debilidade que supón para o conxunto da eurorrexión a inexistencia dunha vía de alta capacidade que permita o acceso directo aos mercados europeos polo norte, isto é, seguindo a costa cantábrica, resulta obvia unha proposta que contemple a execución desta importante infraestrutura, proposta que se define desde as seguintes consideracións:

- A filosofía global antes exposta de articulación e estruturación vertebradora non só entre os principais núcleos urbanos do sistema urbano da eurorrexión senón tamén entre as cidades emerxentes que configuran novas áreas de influencia.
- A existencia na costa norte-leste da eurorrexión dunha área económica emerxente de excepcional relevancia (que antes denominamos como área 5), con importantes núcleos industriais, como é o caso do enclave industrial de Alúmina-Aluminio en Burela, o complexo termoeléctrico das Pontes, ou o complexo de construción e reparación naval de Ferrol, sen esquecermos a notable produción madeireira da zona, da que se deriva unha actividade de transporte de gran volume cara ós centros de transformación do País Vasco e Asturias, así como varios portos de pesca fresca entre os de maior peso en capturas da eurorrexión.
- A singular potencialidade turística desa área, que completa a súa caracterización económica no sector terciario, hoxe limitada polas dificultades de accesibilidade.
- A situación periférica desta área dentro da perifricidade global da eurorrexión, que limita o aproveitamento de todo o seu potencial endógeno de desenvolvemento.

Desde estas consideracións conclúese que a proposta de vertebração exterior da eurorrexión polo corredor transcantábrico non pode levarse a cabo desde unha única conexión axial senón en forma de malla, establecendo unha dobre estrutura:

1. Cara occidente, para conectar e vertebrar a área costeira, completando o eixe Asturias-Porto na liña do principal sistema urbano da eurorrexión, seguindo desde Ferrol pola A-9.
2. Cara ó sur, para conectar e vertebrar as áreas emerxentes do interior, completando outro eixe Asturias-Porto a través das vías de alta capacidade propostas por Lugo, Ourense, Verín, Chaves e Vila Real.

b. Vertebración interna

Área 1 (núcleo principal Lugo):

Propostas:

Conexión Lugo – Sarria – Monforte - Ourense

Significa a vertebración axial desta área, unindo por unha parte de norte a sur os municipios que a integran para favorecer a súa dinámica propia de crecemento, e por outra parte, ampliando a conexión ata Monforte e Ourense e ligando así as dúas capitais do interior de Galicia.

(Comparativamente coa proposta do Plan 2000-2006 resulta un trazado con maiores externalidades positivas por conectar municipios interrelacionados nunha área emergente)

Vertebración complementaria:

- Cara ó norte, coa conexión Lugo-Rábade-Mondoñedo-Asturias
- Cara ó leste, coa conexión Monforte-O Barco
- Cara ó oeste, coa conexión proposta Lugo-Pontevedra

Conexión Guitiriz – Curtis – Santiago

Significa completar o eixe de unión intermodal desta área co aeroporto internacional de Santiago, o que implica a vertebración externa de todo o norte e interior desta provincia.

(Comparativamente coa proposta do Plan 2000-2006, reduce os quilómetros e o custo de construción, evitando o impacto sobre o Camiño de Santiago)

Vertebración complementaria:

- Cara ó oeste, coa Autoestrada A-9 e o sistema urbano principal da eurorexión

Conexión Lugo - Rábade – Baamonde- Vilalba – Mondoñedo – Asturias

Como foi comentado, significa a vertebración desta área cara á costa, facilitando ademais a conexión do interior da eurorexión co corredor transcantábrico.

(Coincide en gran medida coa proposta do Plan 2000-2006)

Vertebracións complementarias:

- Cara ó oeste, conexión co sistema principal de cidades da eurorexión pola A-9
- Cara ó sur, conexión de Ourense e Pontevedra con Asturias a través das vías propostas Lugo-Sarria-Monforte-Ourense e Lugo-Lalín-Pontevedra, respectivamente

Área 2 (núcleo principal Ourense):

Propostas:

Conexión Ourense – Celanova – Lindoso

Significa vertebrar axialmente cara ó sur esta área, que quedaría así completada ata Monforte, e, por outra parte, cohesionar a eurorrexión continuando coa vía de unión proposta ata Viana do Castelo, favorecendo unha unión intermodal do interior co seu porto.

Vertebración complementaria:

- Cara ó oeste e sur, a través do IC-1 (mellorando a vertebración exterior desta área ata Lisboa)

Conexión Ourense – Carballiño – Lalín – Santiago

Significa completar o eixo de unión intermodal desta área co aeroporto internacional de Santiago, dando servizo a dúas cidades medias emerxentes e con dinámica propia.

(Comparativamente coa proposta do Plan 2000-2006 proporciona externalidades positivas ás comarcas de Carballiño e Deza, favorecendo o crecemento das súas capitais)

Vertebración complementaria:

- Cara ó oeste, coa vía proposta Pontevedra-Lugo, complementando unha vertebración cruzada do interior da provincia de Pontevedra
- Cara ó sur, permitindo a conexión desa mesma zona e da propia Pontevedra capital coa autovía das Rías Baixas

Área 3 (núcleo principal Santiago):

Propostas:

Conexión Santiago – Noia - Muros

Conexión Noia - corredor do Barbanza

Significa vertebrar axialmente esta área, establecendo unha comunicación de transporte intermodal da costa das rías medias co aeroporto internacional de Santiago, e pola outra parte completa a circunvalación da península do Barbanza, facilitando o seu acceso e o aproveitamento dos seus recursos turísticos.

(Coincide e amplía a proposta do Plan 2000-2006)

Vertebracións complementarias:

- Cara ó oeste, conexión á vía proposta Fisterra-Coruña da área 6
- Cara ó sur, conexión á vía rápida Catoira-Ribeira

Proposta:

Conexión Santiago - Lugo

Significa a unión da capital de Galicia coa outra importante capital de provincia interior e unha importante vertebración transversal da eurorrexión.

Área 4 (núcleo principal Pontevedra):

Propostas:

Conexión Pontevedra – Lalín – Lugo

Significa a conexión axial desta área, comunicando as capitais de Pontevedra e Lugo, e favorecendo a dinámica de crecemento da importante comarca do Deza co establecemento dunha vía de transporte intermodal para as economías emerxentes do interior cos portos de Marín e Vigo.

Conexión circular do Morrazo

Significa unha importante mellora da vertebración da comarca do Morrazo, cunhas infraestructuras notablemente conxestionadas polo seu tránsito interno e de unión coa autoestrada A-9

(Coincide coa proposta do PEDEGA)

Vertebracións complementarias:

- Cara ó leste e como vertebración externa, conexión de Pontevedra e o Morrazo coa autovía das Rías Baixas, e conexión de toda a área con Asturias, o Cantábrico e Europa a través da vía proposta Lugo-Ribadeo
- Cara ó norte e sur, conexión co sistema principal de cidades a través do nódo da circunvalación proposta en Pontevedra coa autoestrada A-9
- Cara ó sur, conexión coa vía Pontevedra-Porriño proposta

Conexión Vilagarcía - Pontevedra - O Porriño

Significa completar a vertebración de Pontevedra cara ó norte, uníndose directamente con Vilagarcía, e cara ó sur, establecendo unha unión directa coa autovía da Rías Baixas e máis co IP 1 cara a Porto e Lisboa.

Área 5 (núcleo principal Ferrol):

Propostas:

Conexión Ribadeo – Viveiro – Ortigueira – Ferrol

Significa internamente a vertebración axial da costa norte-leste de Galicia, proporcionando unha importante mellora nas súas infraestructuras de comunicación, imprescindible para favorecer a súa espectacular dinámica de crecemento nos últimos anos.

Pero ademais, como antes se comentou, supón completar a vertebración externa da eurorrexión polo norte, unindo a área metropolitana Coruña-Ferrol e todo o sistema principal de cidades con Europa pola A-9 e o corredor transcantábrico.

Remate tramo Autoestrada A-9 Fene – Ferrol

Significa completar a autoestrada A-9 e con ela a vertebración do principal sistema de cidades da eurorrexión.

(Coincide coa proposta do PEDEGA)

Conexión Ferrol – As Pontes

Significa establecer unha vía de comunicación intermodal para o acceso ao porto do Ferrol dese importante centro industrial

(Coincide coa proposta do PEDEGA)

Conexión As Pontes – Vilalba

Significa completar a vertebración sur desta área

Vertebracións complementarias:

- Cara ó oeste, conexión co principal sistema de cidades da eurorrexión ao través da autoestrada A-9 en Ferrol
- Cara o sur, comunicación da costa norte con Lugo, desde Foz a través da vía proposta Ribadeo-Lugo, e desde Ferrol a través das conexións propostas Ferrol-As Pontes-Vilalba-Lugo

Área 6 (Núcleo principal A Coruña):

Propostas:

Conexión Carballo – Fisterra

Significa completar a vertebración da costa occidental da Coruña coa súa capital, favorecendo así a dinámica emerxente desta área, comunicándoa co sistema principal de cidades da eurorrexión a través da conexión en Coruña coa autoestrada A-9

Conexión Vimianzo – Santiago

Significa establece-la unión intermodal de toda esta área co aeroporto internacional de Santiago

Vertebracións complementarias:

- Cara ó leste, conexión con Europa por Asturias, ben a través das vías propostas Santiago-Curtis-Guitiriz e Lugo-Mondoñedo-Ribadeo, ben a través de Coruña e Ferrol pola autoestrada A-9 e a vía proposta Ferrol-Ribadeo
- Cara ó sur, conexión coa autovía das Rías Baixas pola vía proposta Santiago-Lalín-Ourense

Área 7 (núcleo principal Vilagarcía):

Propostas:

Conexión Catoira – A-9

Conexión Catoira – Vilagarcía- Autoestrada A-9

Conexión O Grove – Cambados – Vilagarcía - Autoestrada A-9

Significan completar a vertebración de toda a área e incrementar as facilidades de acceso do *hinterland* inmediato ao porto de Vilagarcía, en especial a súa conexión coa autoestrada A-9 por diferentes vías alternativas, favorecendo en conxunto as externalidades positivas e a súa dinámica de crecemento

Vertebracións complementarias:

- Cara ó norte, establecemento dunha importante mellora na conexión de transporte intermodal de toda a poboación e as cidades da ría da Arousa co aeroporto internacional de Santiago, a través da autoestrada A-9, desde Catoira para as cidades da banda norte da ría, e desde a proposta circunvalación e unión de Vilagarcía para as da banda sur
- Cara ó sur, facilitando a conexión directa de Vilagarcía coa autovía das Rías Baixas a través da unión das vías propostas Pontevedra-Lalín e Lalín-Ourense
- Cara o leste, facilitando igualmente a conexión de Vilagarcía co corredor transcantábrico cara a Europa a través da unión Pontevedra-Lugo-Asturias

Conexión Vilagarcía - Pontevedra - O Porriño

Significa a vertebración sur da Vilagarcía e a súa unión directa coa autovía das Rías Baixas

Área 8 (núcleo principal Vigo):

Proposta:

Novo tramo da autovía Vigo – Porriño

Significa completar a vertebración real desta área cara ó sur, eliminando un dos puntos negros de Galicia polo seu inadecuado trazado.

Vertebracións complementarias :

- Cara ó sur, mellorando a vertebración intrarrexional co sistema de cidades do Norte de Portugal, a través da conexión co IP-1 en Tui
- Cara ó leste, incrementando a seguridade da conexión coa autovía das Rías Baixas en Porriño.

2. NORTE DE PORTUGAL

Área 4 (núcleos principais Chaves, Vila Real e Peso da Régua)

Propostas:

IP-3 : Régua – Vila Real – Chaves – Vila Verde da Raia - Verín

Esta via permite a articulación do eixo territorial proposto, com a finalidade de estruturar o espaço interior da Região Norte. O troço do IP-3 (Vila Real-Chaves) constitui, juntamente com o troço do IP-4 (Porto-Vila Real), a denominada Diagonal do Douro, que tenciona ser uma via de inter-conexão exterior da Região Norte com o resto da Península e Europa.

Vertebrações complementares:

Em direção Oeste com as áreas 1 e 2 através do IC-5, com o qual conecta em Vila Pouca de Aguiar

Em direção Sul conecta com o nó de Viseu

Em direção Leste articula em Vila Real com o IP-4 para seguir até Bragança e Espanha

Rectificação da EN-103: Chaves-Bragança

Permitirá melhorar a ligação entre as áreas 4 e 5 pelo Norte, favorecendo os territórios situados entre os dois núcleos urbanos referidos.

Vertebrações complementares:

Com o IP-3 em Chaves

Com todas as vias com origem no nó de Bragança

IC-26 : Amarante – Régua (com enlace com o IP-3 no tramo Régua – Lamego)

Esta infra-estrutura permite incrementar a acessibilidade dos concelhos do Sul do

eixo Vila Real-Régua-Lamego desde o litoral através do sistema A-4 / IC-26

Vertebrações complementares:

No cruzamento com o IP-3 permite ir em direcção Norte a Vila Real e em direcção Sul a Viseu

EN-2: Alargamento da Ponte sobre o Douro e recuperação da ponte de ferro sobre o Douro na Régua, na confluência entre os concelhos da Régua e de Lamego

Trata-se de uma infra-estrutura de âmbito local com implicações de carácter regional

Área 2 (núcleos principais Braga e Guimarães)

Propostas:

IC-14: Apúlia – Barcelos – Braga / IP-9: Braga – Guimarães – Amarante (A-4)

Trata-se de uma via de articulação territorial de carácter transversal que vai facilitar a conexão da área 2, concretamente de Braga e Guimarães, com o litoral. Também permitirá a sua vertebração com os espaços interiores da Região Norte através do IP-4

Vertebrações complementares:

- Com o IC-1 em Apúlia (área 1)
- Com o IP-1 em Braga, o qual facilita as deslocações Norte-Sul
- Com a A-4 em Amarante: Conecta a área 2 (e a área 1) com as áreas de análise territorial 4 e 5

IC-5 : Vila do Conde – Famalicão – Guimarães – Fafe – Vila Pouca de Aguiar (IP-3) (O troço Famalicão-Guimarães-Fafe-Vila Pouca de Aguiar aparece em documentos recentes também denominado A-7)

Esta via juntamente com o IP-3 a partir de Vila Pouca de Aguiar, constitui a denominada Diagonal do Vale do Ave

Vertebrações complementares:

- Com o IC-1 em Vila do Conde
- Com o IP-1 em Famalicão
- Com o IP-9 em Guimarães
- Com o IP-3 em Vila Pouca de Aguiar

Via do Ave (Vieira do Minho-Póvoa de Lanhoso-Nó da Autoestrada A-7)

Via de importância sub-regional que tem como finalidade fundamental conectar a zona interior do Vale do Cávado e do Norte do Vale do Ave com a cidade de Guimarães e com a autoestrada A-7

Via Guimarães-Vizela

Via de importância sub-regional que permitirá incrementar a fluidez dos fluxos rodoviários em uma zona com uma elevada densidade de população

Retificação da EN-103 entre Braga e Chaves

Permitirá melhorar a ligação entre as áreas 4 e 2 pelo Norte, favorecendo os territórios situados entre os dois núcleos urbanos referidos.

Vertebrações complementares:

- Com o IP-3 em Chaves
- Com todas as vias com origem no nó de Braga

Rectificação da EN-101 entre Braga e Monção

Permitirá melhorar a ligação entre as áreas 2 e 1 pelo interior, favorecendo os territórios do interior do Alto Minho.

Vertebrações complementares:

- Com a EN-101 Monção-Valença e, portanto, com todas as vias com origem em Valença
- Com todas as vias com origem no nó de Braga

Rectificação EN-202 Monção-Melgaço

Via que permite articular o interior Norte da NUT III Minho-Lima, estabelecendo uma comunicação alternativa entre o IP-1 e a Autovia das Rias Baixas

Vertebrações complementares:

- Com a ponte sobre o Minho em Arbo, permitindo a conexão com a autovia das Rias Baixas através das Neves
- Com todas as vias com origem no nó de Valença

Área 5 (núcleo principal Bragança)

Propostas:

A-4 : Matosinhos -- Águas Santas – Amarante – Vila Real – Bragança

Conexão da área 5 com o resto da Região Norte reduzindo os custos da excentricidade territorial.

Vertebrações complementares:

- Com o IP-3 em Vila Real
- Com todas as vias com origem no Porto

Em Bragança:

Em direcção Leste:

- *A-4: Bragança – Fronteira de Quintanilha (continuação do lado espanhol, por autovia, até à autovia Vigo-Madrid)*

Em direcção Norte

- *IP-2: Bragança – Fronteira de Portelo (continuação do lado espanhol, por autovia, até à autovia Vigo-Madrid, em Puebla de Sanabria)*

IC-5: Vila Pouca de Aguiar-Miranda do Douro

Via de carácter transversal que permite vincular as áreas 1 e 2 com as áreas 4 e 5. Articula em sentido horizontal o espaço interior da Região Norte.

Vertebrações complementares:

- Com o IP-3 em Vila Pouca de Aguiar
- Com a fronteira espanhola nas proximidades de Miranda do Douro

IP-2: Guarda-Bragança

Infraestructura de articulação territorial na zona interior do país

Vertebrações complementares:

- Com o resto do IP-2 a partir de Guarda
- Com as vias com origem no nó de Bragança

Área 1 (núcleo principal Viana do Castelo):

Propostas:

ICI: Viana do Castelo – Valença

Continuação do troço concluído entre o Porto e Viana do Castelo. Quando concluída, esta infra-estrutura será uma alternativa gratuita para o trânsito entre o Porto e a Galiza pelo litoral

Vertebrações complementares:

- Com todas as vias com origem no Porto e na fronteira de Valença
- Com o IC-5 em Vila do Conde
- Com o IC-14 em Apúlia
- Com o IP-9 em Viana do Castelo

IP-9: Viana do Castelo – Ponte de Lima / IC28: Ponte de Lima – Fronteira do Lindoso (continuação do lado galego desde a fronteira até a autovia Vigo-Madrid em Ourense)

Permite vertebrar o espaço interior da NUT III Minho-Lima, facilitando ao mesmo tempo a conexão desde a costa portuguesa, Viana do Castelo, à Galiza pelo interior

Área 3 (núcleos principais Porto e Gaia)

Propostas:

IC-29: Porto – Gondomar

Via com a clara finalidade de eliminar os constantes engarrafamentos na circulação entre Gondomar e os concelhos do núcleo central da AMP

ACCESOS ÁS CIDADES E CINTURÓNS DE CIRCUNVALACIÓN

Un dos problemas máis serios que teñen na actualidade as cidades medias e grandes do sistema urbano do E.A. son os accesos e as circunvalacións. A carencia destes non só provoca custos elevados no transporte senón que dificulta un sistema de vida construído sobre as periferias como alternativa ao alto prezo da vivenda nos núcleos urbanos, ao tempo que elimina as vantaxes conseguidas coas novas infraestructuras. De pouco serve a nova autoestrada, se chegar dunha cidade a outra leva cáse o mesmo tempo que entrar e dirixirse ao destino unha vez nelas.

É polo tanto preciso un plano específico de accesos e circunvalacións aos núcleos urbanos, que contemple, polo menos, as seguintes propostas :

ACESSOS ÁS CIDADES E CIRCUNVALAÇÕES

Um dos problemas mais sérios que têm na actualidade as cidades médias e grandes do sistema urbano do E.A. são os acessos e as circunvalações. A carência destes não provoca apenas custos elevados no transporte, mas dificulta um sistema de vida construído sobre as periferias como alternativa ao alto preço da habitação nos núcleos urbanos, ao tempo que elimina as vantagens conseguidas com as novas infra-estruturas. De pouco serve a nova auto-estrada se chegar de uma cidade a outra leva quase o mesmo tempo que entrar e dirigir-se ao destino uma vez nelas.

É, portanto, preciso um plano específico de acessos e circunvalações aos núcleos urbanos que contenha, pelo menos, as seguintes propostas :

1. GALICIA

FERROL:

- *Finalización da autoestrada Fene-Ferrol e accesos á cidade pola Ronda oeste de Fene*

Aínda que a primeira proposta xa aparece no apartado de autovías e corredores, aquí aparece como acceso, complementando a vertebración de toda a súa área poboacional de influencia, así como das outras vías propostas

A CORUÑA:

- *Plano sectorial da rede viaria da Coruña, que enlaza a mancomunidade de Coruña coa A-9, Autovía do Noroeste, Autovía de Carballo, aeroporto e terceira ronda de acceso.*
- *Acceso ao porto e enlace desta vía coas Avenidas de penetración na cidade*

Supón a vertebración das súas principais infraestructuras de acceso e sobre todo das comunicacións intermodais coas instalacións portuarias e aeroportuarias

SANTIAGO DE COMPOSTELA:

- *Periférico oeste entre a estrada da Coruña e a de Noia, cunha variante no Milladoiro.*
- *Mellora do tramo entre o Castiñeiriño e a estrada de Noia.*
- *Variante Sar-Pontepedriña e do nó de Vidán.*

Completa a vertebración de tódalas vías de acceso á cidade

VILAGARCÍA DA AROUSA:

- *Enlace directo coa autoestrada A-9 como Ronda norte da cidade, dando servizo ao porto e mais ao polígono industrial de Bamio.*

- *Ronda sur para unir o porto directamente coa autoestrada A-9, ademais de dar ese mesmo servizo á conexión co Grove proposta*

Significa a vertebración das principais infraestructuras de conexión da área económica de Vilagarcía, creando externalidades positivas para toda a zona

PONTEVEDRA:

- *Circunvalación nordeste desde o nódo da autoestrada A-9 no Pino, unindo as conexións propostas a Lalín-Lugo, a Vilagarcía e mais a vía rápida a Sanxenxo*

Completa a ronda leste da cidade, vertebrando os seus accesos

VIGO:

- *Cinturón litoral sur de unión coa autovía Vigo-Porriño, o aeroporto e o polígono tecnolóxico de Valadares*

Significa vertebrar os accesos máis usados por transporte pesado da cidade e completar a unión intermodal das principais infraestructuras viarias coas instalacións portuarias e aeroportuarias

OURENSE:

- *Circunvalación norte (variante de Ourense N-120 e N-525) de unión da N-120 (conexión a Monforte-Sarria-Lugo proposta)*
- *Acceso centro á conexión Ourense-Carballiño-Lalín-Santiago proposta e mais á autovía das Rías Baixas*

Significa completar a circunvalación desta cidade e facilitar tanto o acceso desde o centro a tódalas autovías coma o mesmo acceso de toda a súa área poboacional de influencia

MONFORTE DE LEMOS:

- *Ronda de unión entre as conexións propostas Sarria-Lugo, ata Ourense polo sur e O Barco e Ponferrada cara ó leste*

Supón unha importante mellora na eficacia das citadas infraestructuras, tanto para eliminar o impacto sobre a zona monumental da cidade coma para facilitar a conexión dos usuarios

LUGO:

- *Ronda suroeste de enlace cun nódo en Nadela, entre a autovía do Noroeste e as conexións propostas de Sarria-Monforte e Lalín-Pontevedra, e finalmente coa Ronda norte, o que implica unha nova ponte sobre o Miño.*

Significa vertebrar circularmente os accesos á cidade e facilitar ao mesmo tempo o acceso ás diferentes infraestructuras viarias por parte da zona poboacional de influencia de Lugo

2. NORTE DE PORTUGAL

PORTO:

- *Conclusão do IC-24, Circular Regional Exterior do Porto (CREP), que circunda uma parte importante da AMP pela zona Oriental: Perafita (IC-1)-Maia-Campo-Crestuma-Argoncilhe-Espinho (IC-1)*

O IC-24, apesar de ser uma infra-estrutura regional de valor estratégico, tem, sem dúvida, um forte impacto no desvio do tráfego de atravessamento no sentido Sul-Norte e Norte-Sul da AMP

GAIA:

- *Conclusão do IC-23, Circular Regional Interior do Porto (CRIP), que facilita as deslocações entre Gaia e o Porto*
- *Conclusão da ER-1-18, que facilita as deslocações entre o IP-1 e o IC-1*
- *Construção da Ponte do Infante*
- *Conclusão do IC-1*

Estas infra-estruturas permitirão incrementar a fluidez entre o Porto e Gaia, facilitando a circulação na principal via de conexão entre ambas cidades: a ponte da Arrabida. Simultaneamente, estas infra-estruturas permitirão absorver parcialmente o trânsito que até ao momento circula pelo tabuleiro superior da Ponte D. Luís, o qual passará, em breve, a ser utilizado exclusivamente pelo Metro do Porto

BRAGA:

- *Construção da Variante à EN-14*
- *Construção da terceira fase da Variante Sul de enlace entre EN-101, o IP-9 e o IP-1 em Celeirós*
- *Construção de Variante entre as EN-101 e EN-201*

Estas novas variantes vão permitir diminuir de maneira substancial o tempo de entrada na cidade de Braga desde a autoestrada A-3 (IP-1), ao mesmo tempo que vão permitir uma melhor ligação entre o sistema de variantes e as circulares urbanas internas.

VILA REAL:

- *Via de circunvalação que permita a conexão entre o IP-3 e o IP-4 (entre São Lourenço e a Quinta da Seara)*

Esta via permitirá não só eliminar o trânsito de atravessamento da cidade em todas as direcções como também, servir de via de circunvalação para o tráfego urbano e rur-rubano, melhorando o índice de acessibilidade à cidade.

CHAVES:

- *Via de cintura urbana e ligação desta via com o IP-3*

Este conjunto de infra-estruturas permitirá incrementar a fluidez do trânsito e facilitar o acesso ao núcleo urbano.

BRAGANÇA:

- *Fecho do anel de circunvalação que circunda parcialmente à cidade (a parte construída do anel faz parte do IP-4)*

Este anel de circunvalação totalmente construído vai permitir distribuir, de forma mais adequada, o trânsito de acesso à cidade e, ao mesmo tempo, vai diminuir o impacto do tráfego de atravessamento potencialmente gerado pelo IP-2 e o IP-4, quando estiverem totalmente concluídos.

RÉGUA:

- *Potenciação das estradas municipais paralelas ao futuro IC-26, o qual vai funcionar parcialmente como circunvalação à cidade*

Tendo em consideração o actual traçado das vias e a especial orografia da zona, trata-se da única alternativa para eliminar trânsito do núcleo urbano.

PORTOS MARÍTIMOS

Para o desenvolvemento socioeconómico do sistema urbano do Eixo Atlántico, e conseguintemente da eurrerrexión no seu conxunto, faise precisa a mellora da eficiencia e competitividade de todos e de cada un dos portos do sistema, mediante un compromiso de futuro das administracións municipais, autoridades portuarias e axentes vinculados a elas como usuarios. Isto implica a creación dun Comité Coordinador dos portos con representación de tódalas autoridades portuarias e a promoción exterior dos portos do sistema, destacando os seus elementos de complementariedade.

O obxectivo é gañar "hinterland" no interior da Península e "foreland", maior influencia nas áreas países de destino, mediante a promoción dos portos do sistema e a mellora das comunicacións intermodais terrestres, así como tamén pola mellora dos seus servizos. A curto prazo é posible mellorar o nivel de trafegos do sistema, promovendo aqueles trafegos nos que xa existe unha certa especialización e atraendo algúns trafegos de transbordo nos que existen vantaxes de posición xeográfica.

Para eso é moi importante a elaboración conxunta de proxectos de desenvolvemento infraestrutural, promoción de actividades e formación profesional do sistema portuario no marco do Eixo Atlántico que contribúan a mellorar a fluidez das relacións dos portos coas cidades en varios niveis: análise da contribución dos portos para o desenvolvemento sócio-económico local, estudo das posibilidades de reconversión urbanística e comercial das zonas portuarias máis integradas nas cidades, análise das infraestruturas terrestres de conexión intermodal do porto coa súa cidade e o seu "hinterland".

Accións propostas:

PORTOS MARÍTIMOS

Para o desenvolvemento sócio-económico do sistema urbano do Eixo Atlántico e, por conseguinte, da euro-región en conxunto, torna-se precisa a melloría da eficiencia e competitividade de todos e de cada un dos portos do sistema, por meio de un compromiso de futuro das administracións municipais, autoridades portuarias e agentes vinculados a elas como utentes. Isto implica a creación de un Comité Coordinador dos portos com representação de todas as autoridades portuarias e a promoção exterior dos portos do sistema, destacando os seus elementos de complementariedade.

O obxectivo é gañar "hinterland" no interior da Península e "foreland", maior influencia nas áreas e países de destino, por meio da promoção dos portos do sistema e a melloría das comunicacións intermodais terrestres, bem como pela melhoria dos seus servizos. No curto prazo é possível melhorar o nível de tráfegos do sistema, promovendo aqueles tráfegos em que já existe uma certa especialização e atraindo alguns tráfegos de transbordo nos que existem vantagens de posição geográfica.

Para isso é muito importante a elaboração conjunta de projectos de desenvolvemento infra-estrutural, promoção de actividades e formação profissional do sistema portuario no quadro do Eixo Atlántico que contribúan para mellorar a fluidez das relacións dos portos com as cidades em vários níveis: análise da contribuição dos portos para o desenvolvemento sócio-económico local, estudo das possibilidades de reconversão urbanística e comercial das zonas portuarias mais integradas nas cidades, análise das infra-estruturas terrestres de conexão intermodal do porto com a súa cidade e o seu "hinterland".

Acções propostas:

FERROL:

- *Porto exterior en Canelas-Prioriño coa construción dunha estación regasificadora, e mellora do acceso ao porto exterior mediante unha vía con función territorial de articulación entre a costa ferrolá e as vías de comunicación rexional.*

A CORUÑA:

- *Porto exterior en Punta Langosteira*

VIGO:

- *Creación dunha plataforma loxística intermodal e dotacións infraestruturais básicas para o seu desenvolvemento estratéxico*
- *Ampliación da terminal de transbordadores*
- *Novas lonxas coa adecuación das áreas de servizo*
- *Conexión ferroviaria Guixar-Bouzas.*

MARÍN:

- *Comunicación ferroviaria entre Pontevedra e o porto de Marín*
- *Reacondicionamento do tramo da autovía Pontevedra-Marín que dá servizo ao porto.*

VIANA DO CASTELO:

Construção dos acessos rodo-ferroviários ao porto de mar (articulação com o IC-1

LEIXÕES-PORTO:

- *Criação de uma plataforma multimodal e de um centro de mercadorias na AMP*

DOURO:

- *Cais de protecção para a Barra do Douro para melhorar a navegabilidade*
- *Construção dos cais da Foz no Porto para interconectar a navegabilidade fluvial com os portos marítimos*
- *Construção de infra-estruturas logísticas do porto da Régua que permitam incrementar a complementaridade entre o transporte fluvial e o transporte por estrada*

En conxunto, a proposta do Eixo Atlántico vai correctamente encamiñada aos dous obxectivos citados de gañar *hinterland* e *foreland*, isto é, mellorar a relevancia e o papel económico das instalacións portuarias para favorecer o desenvolvemento da eurorrexión, sobre todo se temos en conta, como xa se apuntou no Plan Estratéxico 94, que a maioría do comercio externo utiliza esta vía de transporte.

Como suxerencia adicional e simplemente abondando nas propias consideracións xenéricas da proposta, debemos insistir na urxencia de crear o Comité Coordinador dos portos, organismo que cremos imprescindible para a eficacia de todas as actuacións, que en caso contrario poderían ter simplemente uns reducidos efectos puntuais e non un impacto xeral de externalidades positivas para a globalidade da eurorrexión.

Em conjunto, a proposta do Eixo Atlântico vai correctamente encaminhada para os dois objectivos referidos de ganhar *hinterland* e *foreland*, isto é, melhorar a relevância e o papel económico das instalações portuárias para favorecer o desenvolvemento da euro-região, sobretudo, se tivermos em conta, como já foi apontado no Plano Estratégico 94, que a maioria do comércio externo utiliza esta via de transporte.

Como sugestão adicional e simplesmente profundando nas próprias considerações genéricas da proposta, temos de insistir na urgência de criar o Comité Coordenador dos portos, organismo que achamos imprescindível para a eficácia de todas as actuações que, caso contrário, poderiam ter simplesmente uns reduzidos efeitos pontuais e não um impacto geral de externalidades positivas para a globalidade da euro-região.

AEROPORTOS

Tendo en conta, coma xa foi apuntado, que o transporte aéreo desempeña funcións de primeira orde no sector turístico, é un elemento integrador das diferentes rexións e mercados e constitúe un factor esencial para o desenvolvemento industrial a transferencia de tecnoloxía e mais o desenvolvemento de servicios avanzados ás empresas, as propostas de mellora significarán a medio prazo un notable impacto económico e territorial, na medida en que os aeroportos cheguen a ser puntos privilexiados de intercambio modal e, por conseguinte, puntos centrais da vertebración territorial.

Desde esa consideración, a mellora das infraestruturas de transporte aéreo na perspectiva do Eixo Atlántico e do seu sistema urbano cumprirá un dobre obxectivo:

- Sensibilizar ás compañías aéreas e ás empresas públicas de xestión aeroportuaria na relevancia da lóxica do sistema urbano transfronterizo e interrexional do Eixo Atlántico, e no potencial da internacionalización das súa principais infraestruturas de transporte aéreo.
- Contribuir á promoción do transporte aéreo interrexional desde a óptica europea, particularmente nos espazos máis periféricos e desfavorecidos, tendo en conta o potencial de internacionalización e de xeración de tráfego aéreo no contexto da fachada atlántica.

AEROPORTOS

Tendo em conta que, como já foi apontado, o transporte aéreo desempenha funções de primeira categoria no sector turístico, este é também um elemento integrador das diferentes regiões e mercados e constitui um factor essencial para o desenvolvemento industrial, para a transferência de tecnologia e para o desenvolvemento de serviços avançados às empresas; as propostas de melhoria significarão, no médio prazo, um notável impacto económico e territorial, na medida em que os aeroportos cheguem a ser pontos privilegiados de troca modal e, por conseguinte, pontos centrais da vertebração territorial.

Dessa consideração, a melhoria das infra-estruturas de transporte aéreo na perspectiva do Eixo Atlântico e do seu sistema urbano cumprirá um duplo objectivo:

- Sensibilizar as companhias aéreas e as empresas públicas de gestão aeroportuária para a relevância da lógica do sistema urbano transfronteiriço e inter-regional do Eixo Atlântico, e no potencial da internacionalização das suas principais infra-estruturas de transporte aéreo
- Contribuir para a promoção do transporte aéreo inter-regional da perspectiva europeia, particularmente nos espaços mais periféricos e desfavorecidos, tendo em conta o potencial de internacionalização e de geração de tráfego aéreo no contexto da fachada atlântica.

ACCIONES PROPOSTAS CON CARÁCTER XERAL PARA OS CATRO AEROPORTOS PRINCIPAIS:

- *Autorización para operar novas compañías aéreas, especialmente nos aeroportos galegos*
- *Incremento de destinos, especialmente europeos, complementarios entre os aeroportos do Eixo Atlántico*
- *Elaboración dun plan de especialización e complementariedade nas liñas e nos destinos*
- *Impulsar un plan de enlaces internacionais que impulse o aumento de tráfico aéreo*
- *Remodelación da política española de ordenación do tránsito aéreo, como complemento da anterior medida, que permita o acceso a destinos europeos especialmente, sen a obriga do enlace en Madrid*

ACÇÕES PROPOSTAS COM CARÁCTER GERAL PARA OS QUATRO AEROPORTOS PRINCIPAIS:

- *Autorização para poderem operar novas companhias aéreas, especialmente nos aeroportos galegos*
- *Incremento de destinos, especialmente europeos, complementares entre os aeroportos do Eixo Atlántico*
- *Elaboração de un plano de especialização e complementariedade nas liñas e destinos*
- *Impulsar un plano de ligações internacionais que impulse o aumento de tráfico aéreo*
- *Remodelação da política espanhola de ordenamento do tránsito aéreo, como complemento da anterior medida, que permita o acceso a destinos europeos especialmente, sem a obrigação da ligação em Madrid*

ACCIONES ESPECÍFICAS / ACÇÕES ESPECÍFICAS

A CORUÑA:

- *Construcción de novos accesos co nivel de autovía, desde a cidade e desde o nó de comunicacións coas autoestradas, seguindo o Plan sectorial da rede viaria da Coruña.*
- *Instalación de sistemas que permitan aterrizar a avións en condicións climatolóxicas adversas.*
- *Ampliación de pistas e servicios aeroportuarios.*
- *Creación de zonas de apoio loxístico aeroportuario.*

SANTIAGO DE COMPOSTELA:

- *Outorgamento da condición de internacional, como fronteira comunitaria con aduana e control fito-sanitario as 24 horas.*
- *Creación dunha terminal de carga e un polígono de servicios anexo.*

VIGO:

- *Instalación de sistemas que permitan aterrizar a avións en condicións climatolóxicas adversas*
- *Ampliación das pistas*
- *Creación dunha zona de apoio loxístico aeroportuario.*

O PORTO:

- *Alargamento do aeroporto Sá Carneiro, aumentando a súa capacidade e operacionalidade*

TRÁS-OS-MONTES :

- *Alargamento e repavimentación da pista do Aeródromo de Bragança*
- *Melhora dos aeródromos de Vila Real e Chaves*

No conjunto, as medidas propostas são consequentes com os objectivos explicitados e significam uma adequada vertebração exterior da euro-região, tendo em conta o importante papel que desempenha este meio de transporte como factor de desenvolvimento, porquanto facilita a provisão de serviços de alta tecnologia e potencia o crescimento e extensão das actividades do sector turístico.

No entanto, e como já foi apontado na análise da vertebração externa, não há dúvida da quanto à evolução crescente dos trânsitos e do volume de aeronaves que utilizam os aeroportos da euro-região, bem como da notável vantagem comparativa que se pode observar no aeroporto Sá Carneiro a respeito dos outros três da Galiza. Com estes dados aproximamo-nos da reflexão sobre dois aspectos importantes que afectam a melhoria do uso destas valiosas infra-estruturas:

